



# Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela

2018

---

*Documento aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 13 de decembro de 2017 e polo Consello Social na súa sesión do 15 de decembro de 2017*

## INDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>MEMORIA EXPLICATIVA DO ORZAMENTO</b> .....	<b>7</b>
1.	Marco xurídico .....	7
2.	Procedemento de aprobación do Orzamento da USC.....	17
3.	Aplicación e dinámica do Plan Galego de Financiamento Universitario .....	18
4.	Volume, distribución e límites de gasto do orzamento .....	20
5.	Análise do orzamento de ingresos .....	25
6.	Análise do orzamento de gastos.....	30
7.	Liñas máis salientables de actuación cos recursos orzamentarios .....	34
8.	Cadros de persoal .....	37
9.	Programación de investimentos .....	38
<b>3.</b>	<b>ORZAMENTO DA USC PARA 2018</b> .....	<b>39</b>
1.	Orzamento .....	39
	a) Resumo por capítulos (clasificación económica) .....	39
	b) Teito de gasto non financeiro .....	39
2.	Normas de execución do orzamento.....	40
3.	Anexos cuantitativos .....	61

## 1. INTRODUCCIÓN

**a) Necesidade de aprobación en prazo do orzamento da USC a causa das esixencias do noso Plan Económico Financeiro de Reequilibrio e o mantemento do ciclo normal de xestión, malia non dispoñer de todos os datos do marco orzamentario determinado polo Estado e a Xunta de Galicia.**

Como xa sucedeu o ano anterior, a inexistencia a día de hoxe dun orzamento do Estado para 2018, que probablemente non se vai concretar antes de que finalice este exercicio, dificulta formular este proxecto de orzamento. Non obstante, a Xunta de Galicia aprobou o 19 de outubro un proxecto de orzamento para a Comunidade Autónoma que, coas restricións cuantitativas e reguladoras derivadas da inexistencia do marco estatal correspondente, permite abordar ese empeño con determinadas certezas, suficientes para asegurar que a USC aprobe en prazo (é dicir, antes do 31 de decembro de 2017) o seu orzamento para 2018. Tal propósito nace tanto das esixencias dos nosos Plans Económico-Financeiros de Reequilibrio de 2015 e 2016, que fan que existan créditos que cómpre dotar para facer fronte ao conxunto das súas previsións, como do feito de que consolidar unha

dinámica de normalidade orzamentaria na nosa institución tras un prolongado período no que se operou con orzamentos prorrogados é moi importante para asentar unha xestión económico-financeira rigorosa e ordenada. E esta, por outra parte, é un requisito básico para que a institución avance na senda da mellora do seu desempeño no campo da docencia e da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación, que son as funcións que ten encomendadas por parte da sociedade.

En calquera caso, as certezas a este respecto para o orzamento de 2018 son maiores que as que había no momento de formular o orzamento de 2017 toda vez que, en sesión da Comisión de Seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario, celebrada o pasado día 17 de outubro, a Xunta deu a coñecer ás universidades as magnitudes máis importantes da aplicación en 2018 do citado Plan.

#### **b) Perspectiva temporal da evolución dos recursos para amortización de débeda para modular as decisións orzamentarias.**

Ao formular as liñas xerais do orzamento diante do Claustro Universitario celebrado o pasado día 2 de novembro, facíase referencia a que, para abordar de xeito responsable o orzamento de 2018, é necesario incorporar unha visión a medio prazo sobre os requirimentos de devolución da débeda acumulada na institución para non asumir compromisos consolidables ou decisións de gasto aproveitando melloras na obtención de recursos extraordinarios que dificulten a viabilidade dos orzamentos dos anos inmediatamente seguintes. Para iso cómpre lembrar o seguinte:

O Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, na súa formulación inicial, prevía este calendario de amortización de préstamos e anticipos reintegrables logo da renegociación dos seus prazos:

<b>ANO</b>	<b>PRESTAMOS</b>	<b>ANTICIPOS</b>	<b>APRAZADOS</b>	<b>TOTAL</b>
<b>2018</b>	3.793.196,90 €	802.909,00 €	2.086.141,00 €	6.682.246,90 €
<b>2019</b>	3.828.301,56 €	1.307.329,78 €	4.061.817,28 €	9.197.448,62 €
<b>2020</b>	3.864.123,95 €	1.096.414,29 €	1.821.014,94 €	6.781.553,18 €

Como se deduce doadamente da progresión das contías a orzamentar no capítulo IX, os esforzos a realizar nos anos 2018, 2019 e 2020 eran moi gravosos, cousa que se facía posible basicamente pola drástica redución dos custes do Capítulo I, que non repoñían gasto sobre as xubilacións forzosas de PAS, e nada máis que no 10%, no caso de PDI. Esta previsión foi substituída na revisión do Plan Económico-Financeiro de 2015, de forma que actualmente o grao de reposición efectiva de recursos sitúase na orde do 65%. Ese cambio na formulación do PEFR fai que as previsións iniciais de amortización deban ser reconsideradas.

Pero a obtención de recursos extraordinarios polo alleamento do Hospital de Galeras, que foron aplicados a anticipar o aboamento dos anticipos reintegrables aprazados, permitiu tal cousa, facendo que o cadro actual de amortización sexa o seguinte:

ANO	PRESTAMOS	ANTICIPOS	APRAZADOS	TOTAL
<b>2017</b>				4.650.088,56 €
<b>2018</b>	3.793.196,90 €	802.909,00 €	0,00 €	4.596.105,90 €
<b>2019</b>	3.828.301,56 €	1.307.329,78 €	2.726.081,39 €	7.861.712,73 €
<b>2020</b>	3.864.123,95 €	1.096.414,29 €	1.784.998,82 €	6.745.537,06 €

Como se pode deducir, a variable dos gastos de amortización nos orzamentos de 2019 e de 2020 é especialmente sensible, xa que os exercicios de 2021 e 2022 volven estar na orde de magnitude deste concepto de gasto xa asumida no exercicio actual de 2017, e dende o ano 2023 ata o 2025, en que se conclúe o pagamento de toda a débeda actualmente existente, a folgura orzamentaria de que pode dispoñer a USC pódelle permitir asumir unha senda de consolidación de novas políticas de mellora dos seus medios, de ampliación das súas capacidades e de pleno aproveitamento dos fondos recibidos e captados.

ANO	PRÉSTAMOS BANCARIOS	ANTICIPOS REEMBOLSABLES EN PRAZO	ANTICIPOS REEMBOLSABLES APRAZADOS	TOTAL
<b>2018</b>	3.793.196,90	802.909,00	0,00	4.596.105,90
<b>2019</b>	3.828.301,56	1.307.329,78	2.726.081,39	7.861.712,73
<b>2020</b>	3.864.123,95	1.096.414,29	1.784.998,82	6.745.537,06
<b>2021</b>	3.900.678,68	933.695,16	0,00	4.834.373,84
<b>2022</b>	3.937.980,80	887.184,74	0,00	4.825.165,54
<b>2023</b>	940.170,96	848.201,08	0,00	1.788.372,04
<b>2024</b>	940.170,96	670.292,02	0,00	1.610.462,98
<b>2025</b>	940.170,96		0,00	940.170,96
	<b>22.144.794,77</b>	<b>6.546.026,07</b>	<b>4.511.080,21</b>	<b>33.201.901,05</b>

En relación con esta cuestión, con data de 11 de Outubro a mesa da poxa do Vello Hospital de Galeras reuniuse para considerar unha proposta da empresa adquirente para modificar o último prazo de aboamento do 50% pendente para completar a adquisición do inmovible, proposta que consiste en aboar nun pagamento a realizar antes do 30 de xaneiro de 2018 o 35%, e o 15% restante en decembro de 2019, en vez de aboar o 50% en xaneiro de 2019.

A mesa considerou conveniente aceptar tal proposta pero recomendou que o pagamento adiantado a 2018 se aplicase, como xa se fixo co pagamento do 50% inicial, a seguir aboando anticipadamente débeda. A razoabilidade desa proposta ten que ver coa

circunstancia, non probable pero posible, de que de non se culminar o último pagamento, aínda que a USC recuperaría a plena titularidade do Vello Hospital, podendo proceder a un novo alleamento, debería reintegrar as cantidades percibidas detraendo a penalidade establecida en contrato (5% da cantidade ingresada).

Inicialmente estimouse que ese ingreso, por importe de 2.518.463,50 €, produciríase en 2018 e se imputase ao Capítulo VI (alleamento de investimentos reais) para ampliar a dotación do Capítulo III e IX de gastos (gastos financeiros e variación de pasivos financeiros) por importe equivalente, o que permitirá facer efectiva case a totalidade dos anticipos reintegrables aprazados a 2019 (2.471.060,13 € menos e 47.403,37 € polo importe dos intereses xerados polo aprazamento do principal) de forma que se alivie a carga do orzamento dese ano, que quedaría dimensionada en 5.390.652,60 €, permitindo, tamén, aforrar coste financeiro nese exercicio. Esta opción foi avalada polo Claustro.

Non obstante, o ingreso citado xa se fixo efectivo en 2017, de forma que se propuxo ao Consello de Goberno e ao Consello Social a aprobación dun Suplemento de Crédito nese exercicio para levar a efecto sen dilación o inicialmente previsto para 2018, o que permite acrecer os aforros en costes financeiros que a USC pode obter nese exercicio.

En conclusión, respecto ás liñas do orzamento aprobadas no Claustro, producirase unha redución de ingresos e gastos polo importe equivalente ao pagamento efectuado do 35% do prezo de alleamento do Vello Hospital de Galeras pero mantense a mesma liña de redución de carga financeira.

Así, o novo calendario de amortizacións a financiar en anos vindeiros, queda establecido nestes importes:

<b>ANO</b>	<b>PRÉSTAMOS BANCARIOS</b>	<b>ANTICIPOS REEMBOLSABLES EN PRAZO</b>	<b>ANTICIPOS REEMBOLSABLES APRAZADOS</b>	<b>TOTAL</b>
<b>2019</b>	3.828.301,56	1.307.329,78	255.021,26	5.390.652,60
<b>2020</b>	3.864.123,95	1.096.414,29	1.784.998,82	6.745.537,06
<b>2021</b>	3.900.678,68	933.695,16	0,00	4.834.373,84
<b>2022</b>	3.937.980,80	887.184,74	0,00	4.825.165,54
<b>2023</b>	940.170,96	848.201,08	0,00	1.788.372,04
<b>2024</b>	940.170,96	670.292,02	0,00	1.610.462,98
<b>2025</b>	940.170,96		0,00	940.170,96
	<b>18.351.597,8</b>	<b>5.743.117,07</b>	<b>2.040.020,08</b>	<b>26.134.735,00</b>

## 2. MEMORIA EXPLICATIVA DO ORZAMENTO

### 1. Marco xurídico

Resulta obvio afirmar que a formulación dos orzamentos da USC ven condicionada polo marco económico xeral, pero, en particular, polo novo PGFU 2016-2020 e polo Plan Económico Financeiro de Reequilibrio; sen embargo, e dado o carácter da universidade como institución pública, é tamén moi relevante o marco legal e o conxunto de normas que determinan a capacidade de actuación da institución respecto a este documento.

Este marco normativo está orientado especificamente, nos últimos exercicios, a garantir a estabilidade orzamentaria das administracións públicas e á procura da consolidación fiscal, de forma que as normas afectan non só ao volume ou teito de gasto, senón tamén á composición deste, e en particular ao relativo aos gastos de persoal.

En consecuencia, preséntase a seguir a normativa básica que se relaciona co Orzamento da USC:

#### **Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades**

O artigo 2.2 desa lei (modificada pola Lei orgánica 4/2007, de 12 de abril) recolle a competencia da universidade para elaborar e aprobar o seu orzamento anual. Nos termos da Lei, a autonomía das universidades comprende *“A elaboración, aprobación e xestión dos seus orzamentos e a administración dos seus bens”*.

O artigo 14.2 establece as competencias do Consello Social sobre o orzamento e a programación plurianual:

*“Así mesmo, correspóndelle a aprobación do orzamento e da programación plurianual da universidade, a proposta do Consello de Goberno. Ademais, con carácter previo ao trámite de rendición de contas a que se refiren os artigos 81 e 84, correspóndelle aprobar as contas anuais da universidade e as das entidades que de ela poidan depender e sen prexuízo da lexislación mercantil ou outra ás que as ditas entidades poidan estar sometidas en función da súa personalidade xurídica”*.

O título XI establece o marco do réxime económico e financeiro das universidades públicas. En concreto:

No artigo 79.1 recóllese que *“As universidades públicas terán autonomía económica e financeira nos termos establecidos na presente Lei. A tal efecto, garantírase que as universidades dispoñan dos recursos necesarios para un funcionamento básico de calidade.”*

O artigo 81 foi obxecto de importantes modificacións por parte do Real Decreto-Lei 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no

ámbito educativo, que no seu artigo 6 establece a seguinte redacción para o referido artigo 81:

*81.2: O orzamento será público e equilibrado, e comprenderá a totalidade dos seus ingresos e gastos. Para garantir un mellor cumprimento da lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, as universidades deberán cumprir coas obrigas seguintes:*

- *Aprobarán un límite máximo de gasto con carácter anual que non poderá ser superado.*
- *Os orzamentos e as súas liquidacións farán unha referencia expresa ao cumprimento do equilibrio e sustentabilidade financeiros.*

*81.4: Ao estado de gastos correntes acompañarase a relación de postos de traballo do persoal de todas as categorías da universidade, especificando a totalidade dos custes da mesma e incluíndo un anexo no que figuren os postos de novo ingreso que se propoñen.*

*Os custos do persoal docente e investigador, así como de administración e servizos, deberán ser autorizados pola Comunidade Autónoma, no marco da normativa básica sobre Oferta de emprego público. Así mesmo, o nomeamento de persoal funcionario interino e a contratación de persoal laboral temporal polas universidades deberá respectar a normativa básica estatal na materia.*

*81.5: As universidades deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do primeiro de marzo do exercicio seguinte.*

*En caso de liquidación do orzamento con remanente de tesourería negativo, o Consello Social deberá proceder na primeira sesión que celebre á redución de gastos do novo orzamento pola contía igual ao déficit producido. A expresada redución só poderá revocarse por acordo de dito órgano, a proposta do Reitor, previo informe do interventor e autorización do órgano correspondente da Comunidade Autónoma, cando a dispoñibilidade orzamentaria e a situación de tesourería o permitiran.*

*As transferencias, con cargo aos orzamentos da Comunidades Autónoma, a favor, directa ou indirectamente, das universidades requirirán a aprobación e posta en marcha da redución de gastos.*

*As universidades remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos e o resto de documentos que constitúan as súas contas anuais á Comunidade Autónoma (...). A falta de remisión da liquidación do orzamento, ou a falta de adopción de medidas no caso de liquidación con remanente negativo, facultará á Comunidade Autónoma para adoptar, no ámbito das súas competencias, as medidas necesarias para garantir a estabilidade orzamentaria da Universidade.*

En relación con esta regulación nova derivada do Real Decreto-Ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo,



cómpre salientar o cambio de natureza que supuxo respecto ás RPTs da universidade. En efecto, ata ese ano, as RPTs tiñan unha función reguladora, aínda que non se fixese unha adecuación sistemática entre esta e as dispoñibilidades orzamentarias anuais, utilizándose sistemas de xestión das RPTs que “dotaban” ou “desdotaban” postos sen producir necesariamente a súa amortización no caso de que non tivesen amparo orzamentario.

Dada a situación peculiar vivida na USC dende o ano 2011 ata o 2014, inclusive, en que o orzamento de 2011 foi prorrogado en tres exercicios económicos, non se fixo aplicación efectiva da nova regulamentación. Así, a diverxencia entre os postos financiáveis e os incluídos nas RPTs foi medrando.

O Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio estableceu a necesidade de axustar as RPTs orzamentarias aos postos con ocupación, minorados polas xubilacións que se produciran e que deran lugar a reducións de coste segundo as previsións do propio plan, e a incorporar mediante modificacións formais das RPTs os postos e prazas que se derivaran das Ofertas de Emprego Público a realizar, no caso de que fose necesaria a súa creación.

A regularización definitiva entre as RPTs orzamentarias e as xerais deberá acometerse de seguido, tanto para PAS como para PDI.

### **Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**

Publicada no BOE do 30 de abril de 2012, o seu artigo 2, b) establece que será de aplicación ás Comunidades Autónomas, incluíndo nas mesmas todas as entidades vinculadas entre as que se atopan as universidades.

*O artigo 3, o principio de estabilidade orzamentaria, sinala:*

*1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei realizaranse nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea.*

*2. Entenderase por estabilidade orzamentaria das administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.*

*O artigo undécimo, referido á instrumentación da estabilidade orzamentaria, recolle que:*

*1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das administracións públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.*

*2. Ningunha Administración pública poderá incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.*

O capítulo IV da lei orgánica dedícase ás medidas preventivas, correctivas e coercitivas. O seu *artigo 18 sobre medidas automáticas de prevención* indica no seu apartado primeiro:

*1.- As administracións públicas farán un seguimento dos datos de execución orzamentaria e axustarán o gasto público para garantir que ao peche do exercicio non se incumpra o obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

Entre as *medidas correctivas*, o artigo 21 sobre o plan económico-financieiro sinala:

*1. En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración que incumpra formulará un plan económico-financieiro que permita nun ano o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.*

*2. O plan económico-financieiro conterá como mínimo a seguinte información:*

*a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, se for o caso, do incumprimento da regra de gasto.*

*b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.*

*c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios en que se contabilizarán.*

*d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os cales se basean estas previsións, en consonancia co recollido no informe a que se fai referencia no número 5 do artigo 15. e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.*

A sección terceira da lei orgánica dedícase ás *medidas coercitivas* para o caso de incumprimentos por parte da Administración pública responsable.

O artigo 25 sinala:

*1. En caso de falta de presentación, de falta de aprobación ou de incumprimento do plan económico-financieiro ou do plan de reequilibrio, a Administración pública responsable deberá:*

*a) Aprobar no prazo de 15 días desde que se produza o incumprimento a non dispoñibilidade de créditos que garanta o cumprimento do obxectivo establecido.*

*b) Constituír un depósito con xuros no Banco de España equivalente ao 0,2 por cento do seu produto interior bruto nominal. O depósito será cancelado no momento en que se apliquen as medidas que garantan o cumprimento dos obxectivos.*

*Se no prazo de 3 meses desde a constitución do depósito non se presentase ou aprobase o plan, ou non se aplicasen as medidas, o depósito non devengará xuros. Se transcorrido un novo prazo de 3 meses persiste o incumprimento, poderá acordar que o depósito se converterá en multa coercitiva.*

*2. De non adaptarse as medidas previstas na alínea a) do número anterior ou no caso de estas resultaren insuficientes, o Goberno poderá acordar o envío, baixo a dirección do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dunha comisión de expertos para valorar a situación económico-orzamentaria da Administración afectada. Esta comisión poderá solicitar, e a administración correspondente estará obrigada a facilitar, calquera dato, información ou antecedente respecto ás aplicacións de ingresos ou gastos. A comisión deberá presentar unha proposta de medidas e as súas conclusións faranse públicas nunha semana. As medidas propostas serán de obrigado cumprimento para a Administración que incumpra.*

*Non se poderá autorizar ningunha operación de crédito, nin a administración correspondente terá acceso aos mecanismos de financiamento previstos nesta lei até que as devanditas medidas fosen implementadas.*

### **Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira**

(A súa vixencia esta afectada pola posterior reforma do artigo 135 da Constitución e pola promulgación da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira).

Publicada no DOG do 29 de xuño de 2011, o seu *artigo segundo* establece que *será de aplicación a:*

*c) Ás universidades públicas de Galicia e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas.*

*O artigo 3, principio de sustentabilidade financeira, sinala:*

*1. As actuacións dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei garantiran a sustentabilidade financeira das súas finanzas ao longo do ciclo económico.*

*2. Entenderase por sustentabilidade financeira, para os efectos desta lei, a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros sen incorrer nun déficit ou endebedamento público excesivo consonte as normas de estabilidade orzamentaria e os compromisos do Pacto de estabilidade e crecemento no ámbito da Unión Europea.*

*O artigo 4, principio de estabilidade orzamentaria, sinala:*

*1. A política orzamentaria dos axentes incluídos no ámbito de aplicación desta lei supeditarase ao cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado para a Comunidade Autónoma de Galicia, definido en termos de capacidade ou necesidade de financiamento e expresado en porcentaxe do produto interior bruto rexional a prezos de mercado.*

*3. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 a), a situación de equilibrio ou superávit computada, ao longo do ciclo económico, en termos de*

*capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.*

*4. Entenderase por estabilidade orzamentaria, en relación coas entidades do artigo 2.2 b), a posición de equilibrio financeiro.*

*O artigo noveno, referido á instrumentación da estabilidade orzamentaria, recolle que:*

*1. A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos dos distintos axentes comprendidos no artigo 2.2 a) realizarase en equilibrio ou superávit orzamentario, computado en termos de capacidade de financiamento segundo a definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.*

*2. Excepcionalmente, en función da situación cíclica da economía ou de circunstancias extraordinarias, a Administración xeral da Comunidade Autónoma poderá presentar déficit, de acordo cos requisitos establecidos pola normativa básica en materia de estabilidade orzamentaria.*

*Os orzamentos iniciais, ou, se é o caso, modificados, dos restantes axentes deberán aprobarse e liquidarse en equilibrio en termos de contabilidade nacional, agás as aplicacións que se financien con remanente afectado.*

*3. A elaboración, aprobación e execución orzamentaria dos axentes aos que se refire o artigo 2.2 b) realizarase en posición de equilibrio financeiro, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles sexa aplicable.*

*Entenderase que un axente se atopa en situación de desequilibrio financeiro cando incorra en perdas das que o saneamento requira a dotación de recursos non previstos nos orzamentos dos axentes do artigo 2.2 a) que os acheguen.*

*No seu artigo 21. Disposicións específicas para as universidades e para os axentes vinculados a estas ou dependentes delas, indica:*

*Ademais das disposicións contidas nos capítulos precedentes desta lei, ás universidades e aos axentes vinculados a estas ou dependentes delas seranlles aplicables as seguintes disposicións específicas:*

*1. Os orzamentos das universidades deberán elaborarse con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais da CC.AA. de Galicia.*

*2. As contas anuais consolidadas de cada universidade deberán remitirse á consellería competente en materia de facenda antes do 30 de xuño do exercicio seguinte. Esta documentación xuntaráse á Conta Xeral da CC.AA. de Galicia para a súa remisión ao Consello de Contas de Galicia.*

## **Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno**

Esta lei ten por obxecto ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigas de bo goberno que deben cumprir os responsables públicos.

Son obxecto de mención pola implicación que supoñen para o funcionamento da universidade os seguintes artigos:

*Artigo 5, punto 4: A información suxeita ás obrigas de transparencia será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web de maneira clara, estruturada e entendible para os interesados (...).*

*Artigo 8, punto 1: Os suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título deberán facer pública, como mínimo, a información relativa aos actos de xestión administrativa con repercusión económica ou orzamentaria (...)*

*Artigo 26, Principios do bo goberno, enumera entre os seus principios xerais para as persoas comprendidas no ámbito de aplicación deste Título:*

*- Actuarán con transparencia na xestión dos asuntos públicos, de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e co obxectivo de satisfacer o interese xeral; Exercerán as súas funcións con dedicación ao servizo público; Respetarán o principio de imparcialidade; Asegurarán un trato igual e sen discriminacións de ningún tipo no exercicio das súas funcións; Actuarán coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas e fomentarán a calidade na prestación dos servizos públicos; Manterán unha conducta digna e tratarán aos cidadáns con esmerada corrección; Asumirán a responsabilidade das decisións e actuacións propias e dos organismos que dirixen.*

## **Lei de Orzamentos do Estado; Lei de Orzamentos da Xunta**

Finalmente, as Leis de Orzamento do Estado e da Comunidade Autónoma establecen regulacións específicas de grande relevancia para as universidades, como son as variacións das retribucións do persoal, os límites de gastos de persoal autorizados, a taxa de reposición de efectivos e as súas especificidades, ademais de aspectos xerais que afectan a cuestións de carácter fiscal, financeiro ou de contratación administrativa.

Así, no proxecto de Lei de orzamentos da Xunta de Galicia determínase o réxime retributivo do persoal da Universidade, o límite no gasto de persoal autorizado para o exercicio, o requisito de autorización das ofertas de emprego de persoal aplicando a taxa de reposición máxima que se determine na normativa básica aplicable, e as formalidades de comunicación ás consellerías competentes en materia de universidades e orzamentos da contratación de persoal laboral temporal para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables e se concretan as aportacións financeiras da Comunidade Autónoma ás

universidades, en cumprimento das previsións do Plan Galego de Financiamento Universitario.

### **Novo Plan Galego de Financiamento Universitario (PGFU)**

O novo PGFU 2016-2020 establece un novo marco financeiro para as tres universidades do SUG, no que se marcan unhas novas areas de reparto e novos indicadores. Este novo plan continúa as liñas básicas trazadas no anterior plan de financiamento do SUG 2011-2015, mudando os criterios de reparto entre as tres universidades e asignando novas ponderacións aos diferentes indicadores aprobados.

Este plan mantén a liña iniciada no 2011 establecendo un moderado incremento da financiación para os próximos catro anos outorgando progresivamente un maior peso aos repartos por resultados.

Igualmente, o PGFU establece que, no caso de que o peche do exercicio supoña o incumprimento do obxectivo de equilibrio orzamentario, a universidade afectada deberá presentar perante a Consellería de Facenda, no primeiro semestre do exercicio inmediato seguinte, un plan económico-financeiro que terá o contido mínimo establecido no artigo 18.2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, xa comentado, coa precisión de que debe recoller as previsións tendenciais de ingresos e gastos conforme á evolución das masas de financiamento previstas no plan para os primeiros, e do mantemento na natureza e peso dos gastos. Necesariamente estas previsións terán que separar os ingresos incondicionados dos de carácter finalista e tamén desagregar os gastos estruturais dos que tiveran financiamento afectado.

Polo órgano competente da Consellería de Facenda procederase á avaliación do plan e estableceránse, de ser o caso, as medidas complementarias que deberá aplicar a universidade para corrixir a situación de desequilibrio e, finalmente, avaliará o prazo necesario para acadalo.

O Plan Económico-Financeiro será obxecto de seguimento en cada un dos exercicios nos que resultase de aplicación e deberá ser actualizado como consecuencia da existencia de novas causas que orixinen o incumprimento do plan. Os prazos para a presentación desas actualizacións rematarán no primeiro semestre do exercicio seguinte ao considerado.

A non presentación do plan económico-financeiro ou o incumprimento das especificacións e obxectivos nel previstos, determinarán a retención do 10% dos créditos do subfondo Panel de Indicadores do Financiamento por resultados, correspondentes á institución afectada.

No que atinxe á situación da USC respecto ao equilibrio medido en termos de contabilidade nacional (é dicir, en termos de capacidade/necesidade de financiamento, segundo o Sistema Europeo de Contas, SEC) o Plan aprobado polos órganos de goberno da

universidade relativo aos ingresos e gastos non afectados está desenvolvéndose con normalidade.

O sistema europeo de contas non permite considerar os ingresos financeiros como recursos para establecer a capacidade de financiamento, polo que o sistema de xestión dos recursos de I+D procedentes do Estado que se implementan coa modalidade de anticipos ata a súa conversión en subvencións unha vez certificados os gastos, e os remanentes de tesourería procedentes de ingresos de exercicios anteriores non consumidos, non computan a estes efectos. Como, pola contra, os gastos financiados con eses recursos se executan en certa medida, é relativamente doado que se produzan desaxustes nas contas en termos de contabilidade nacional. Non obstante, a USC pechou o exercicio de 2016 cumprindo os obxectivos de estabilidade orzamentaria.

## **Estatutos da USC**

### **Artigo 170**

A Universidade de Santiago de Compostela aprobará un orzamento anual que conterá os dereitos económicos estimados para liquidar durante o exercicio e a totalidade dos créditos necesarios para dar cumprimento ás obrigas. O orzamento será público, único e equilibrado. A estrutura do orzamento e o seu sistema contable axeitaranse ás normas que, con carácter xeral, estean establecidas para o sector público.

### **Artigo 172**

O orzamento da Universidade de Santiago de Compostela conterá no estado de ingresos os seguintes recursos:

- a) As transferencias fixadas anualmente pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) As taxas, prezos públicos e restantes dereitos que legalmente se establezan, así como a compensación que deberá preverse polas exencións e reducións legalmente establecidas.
- c) As transferencias, subvencións, herdanzas, doazóns e legados que reciba de calquera entidade pública ou privada.
- d) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e aqueloutros derivados da actividade universitaria e de actos e prestacións de servizos onerosos.
- e) O produto do alleamento dos seus bens e as compensacións orixinadas pola súa cesión onerosa.
- f) O produto das operacións de crédito que concertará a Universidade con entidades públicas ou privadas, para o financiamento dos seus gastos de investimento.
- g) Os remanentes de tesouraría e calquera outro ingreso.
- h) Os ingresos derivados de contratos que celebren a Universidade, os grupos de investigación por ela recoñecidos, os departamentos, os institutos universitarios de

investigación, outras estruturas de investigación e o persoal docente e investigador, a través dos anteriores, para a realización de traballos por parte da Universidade de carácter científico, técnico, humanístico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación.

### **Artigo 173**

O Consello de Goberno aprobará a estrutura do orzamento da Universidade, atendendo os seguintes criterios:

- a) Separación entre operacións correntes, de capital e financeiras.
- b) O estado de ingresos atenderá as clasificacións orgánica e económica.
- c) O estado de gastos clasificarase de acordo con criterios orgánicos, económicos e funcionais.



## **2. Procedemento de aprobación do Orzamento da USC**

### **Artigo 172 dos Estatutos**

1. O reitor presentará perante o Claustro Universitario as liñas xerais do orzamento, xunto coas da programación plurianual ou coa súa actualización.

2. Aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o reitor presentará o proxecto de orzamento perante o Consello de Goberno, que o enviará ao Consello Social para a súa aprobación.

Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno (9/2/2015).

### **Artigo 24. Da aprobación da programación plurianual e do orzamento**

1.- Unha vez aprobadas as liñas xerais polo Claustro, o equipo de goberno someterá á aprobación do Consello de Goberno tanto a programación plurianual ou a súa revisión, como o orzamento.

2.- O proxecto de orzamentos porase á disposición de toda a comunidade universitaria.

3.- Os membros do Consello de Goberno disporán dun prazo non inferior a 10 días para a análise do proxecto de orzamentos e da programación plurianual e para a presentación de emendas.

4.- Rematado o prazo de presentación de emendas, tanto a programación plurianual como o orzamento serán sometidos a debate e informe na Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

### 3. Aplicación e dinámica do Plan Galego de Financiamento Universitario

Como xa se sinalou na introdución, en sesión da Comisión de Seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario, celebrada o pasado día 17 de outubro, a Xunta deu a coñecer ás universidades as magnitudes máis importantes da aplicación en 2018 do citado Plan.

Con anterioridade, na sesión do 20 de xullo de 2017 da mesma Comisión de Seguimento, as Consellerías de Facenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades acordaron aprobar os resultados das auditorías dos datos de créditos matriculados correspondentes ao curso 2014-2015 e simplificar o sistema de asignación do fondo estrutural, fixando un prezo por crédito resultante da aplicación do modelo complexo definido no Plan que se fixo en 2016, de difícil implementación. Así, estableceuse a corrección dos datos correspondentes ao financiamento de 2017, incorporando as consecuencias da sentenza favorable á Universidade de A Coruña en función da aplicación do Plan de Financiamento anterior e a actualización retributiva da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2017, supoñendo para a USC a fixación dun módulo por crédito computable de 93 €. Na mesma sesión estableceuse un prazo para a aportación dos datos de créditos matriculados no curso 2015-2016, que, tras ser auditados, promediaranse cos do curso 2014-2015 para fixar os créditos computables para o financiamento estrutural do exercicio de 2018, que son os seguintes:

Curso	USC	SUG	% USC/SUG
<b>2014-2015</b>	1.110.997	2.725.522	40,76
<b>2015-2016</b>	1.074.298	2.681.986	40,05
<b>Promedio</b>	1.092.647,5	2.703.754	40,41

A porcentaxe derivada dese cómputo é mellor que a do cómputo de alumnos matriculados en graos, licenciaturas e mestrados oficiais, que ofrece estes resultados:

Curso	USC	SUG	% USC/SUG
<b>2014-2015</b>	23.754	60.830	39,05
<b>2015-2016</b>	22.777	59.295	38,41
<b>Promedio</b>	23.265,5	60.062,5	38,73

En termos de financiamento, a USC vai percibir, xa que logo, unha subvención do fondo estrutural de 101.616.217,5 €, sobre un fondo total de 250,368 millóns de Euros (un 40,59 %).

Coa dinámica establecida no PGFU, o fondo estrutural medra segundo o crecemento da masa salarial (que en 2018 se espera sexa do 2%). Así a contía do citado fondo acadaría 261,21 millóns de Euros, dos cales 5,362 millóns quedarían pendentes de aplicar ata o momento en que se aprobe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado o incremento salarial

dos empregados públicos e do que á USC corresponderíalle o 44,16% (é dicir, 2,30 millóns de Euros).

Detraendo esa contía do total do fondo previsto para 2018, resulta un importe de 255,935 millóns de Euros que financian a asignación do reparto por créditos matriculados (250,368 millóns de Euros) e no que resta (5,566 millóns de Euros) acrece o fondo a repartir por resultados. Así, a contía dese fondo de resultados en 2018 e a suma de dous factores: (1) a evolución propia, en base ao índice de incremento real do PIB galego do último ano, que a Xunta estima entre un 2,7 e un 2,5%, o que supón 57,95 millóns de Euros, e, (2) a cantidade non aplicada do fondo estrutural polo reparto en base a créditos matriculados, que é de 5,566 millóns de Euros. Así, o fondo por resultados a repartir en 2018 acadará o importe de 63.512.558,00 €.

A participación da USC no reparto dese fondo, en base á evolución dos resultados obtidos en 2017 nos 12 indicadores considerados será do 45,03 % fronte ao 44,53% do ano anterior, o que suporá uns ingresos de 28.598.060,98 €. Como información sobre a evolución relativa da nosa universidade nos indicadores respecto ao SUG (USC/SUG) e respecto a sí mesma (USC 2018/2017), xúntase este cadro que a resume de xeito simplificado.

INDICADOR	Comparación peso relativo	USC/SUG 2018/2017	USC 2018/2017
<b>PGFU-01</b>	Número de grupos de investigación no exercicio económico N. Axudas vivas	Diminúe	Incrementa
<b>PGFU-02</b>	Captación de talento investigador	Diminúe	Incrementa
<b>PGFU-03</b>	Resultados de Investigación. Patentes en explotación.	Incrementa	Mantense
<b>PGFU-04</b>	Sexenios	Diminúe	Incrementa
<b>PGFU-05</b>	Producción Científica	Diminúe	Incrementa
<b>PGFU-06</b>	Visibilidade de Producción Científica	Incrementa	Diminúe
<b>PGFU-07</b>	Teses de doutoramento defendidas	Diminúe	Incrementa
<b>PGFU-08</b>	Ingresos de investigación	Incrementa	Incrementa
<b>PGFU-09</b>	Proxectos Nacionais e Internacionais	Incrementa	Incrementa
<b>PGFU-010</b>	Alumnos de posgraao por graduado	Incrementa	Incrementa
<b>PGFU-011</b>	Taxa de graduación	Incrementa	Incrementa
<b>PGFU-012</b>	Alumnado estranxeiro total matriculado	Diminúe	Incrementa

Como consecuencia desa dinámica combinada de fondos, a USC percibirá 130.097.076,94€, e un 41,44% dos fondos totais do SUG, ao que haberá que engadir o crédito non afectado derivado da compensación por prezos públicos de matrícula de alumnos bolseiros do MEC por un importe estimado de 1.601.131,10 €. Así, o financiamento básico total da USC para 2018 acadará os 131.698.207 €.

Estas cifras (as que cómpre engadir o fondo de RAM e de financiamento do Consello Social, por un importe de 2,33 e 0,2 millóns de Euros, respectivamente, totalizando xa que logo 134.347.384,90 €) son as que serven de base para a elaboración do orzamento nas que, obviamente, non están recollidas as decisións de incrementos retributivos para os

empregados públicos que fixe o Estado, que, como xa se sinalou, serán financiadas con recursos adicionais.

#### 4. Volume, distribución e límites de gasto do orzamento

O volumen total de ingresos e gastos do orzamento para 2018, en comparación co do 2017, é a seguinte:

INGRESOS/GASTOS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
<b>TOTAL 2018</b>	164.096.294,23 €	68.468.293,57 €	232.564.587,79 €
<b>TOTAL 2017</b>	162.631.992,60 €	62.478.748,87 €	225.110.652,43 €
<b>Diferenza</b>	1.464.301,63 €	5.989.633,74 €	7.453.935,37 €
<b>% variación</b>	0,90	9,59	3,31

##### a) Variacións incorporadas ao orzamento definitivo respecto ás liñas xerais do orzamento

En relación coas liñas xerais do orzamento, aprobadas polo Claustro Universitario na súa sesión do 2 de novembro de 2017, as variacións incorporadas ao orzamento definitivo son as que se recollen nos cadros seguintes:

#### GASTOS E INGRESOS NON AFECTADOS

GASTOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
I	129.666.888,81 €	129.666.888,81 €	0,00 €	0,00
II	23.034.491,83 €	23.747.719,50 €	713.227,67 €	3,10
III	500.000,00 €	400.000,00 €	-100.000,00 €	-20,00
IV	1.596.580,00 €	1.581.580,00 €	-15.000,00 €	-0,94
V	200.000,00 €	50.000,00 €	-150.000,00 €	-75,00
VI	3.910.000,00 €	4.054.000,00 €	144.000,00 €	3,68
VII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VIII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
IX	7.067.166,03 €	4.596.105,90 €	-2.471.060,13 €	-34,97
<b>TOTAL</b>	<b>165.975.126,67 €</b>	<b>164.096.294,21 €</b>	<b>-1.878.832,46 €</b>	<b>-1,13</b>

INGRESOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
III	24.760.525,31 €	24.844.777,51 €	84.252,20 €	0,34
IV	117.481.647,22 €	118.076.425,50 €	594.778,28 €	0,51
V	481.357,10 €	383.357,00 €	-98.000,10 €	-20,36
VI	2.518.463,50 €	0,00 €	-2.518.463,50 €	-
VII	20.143.133,54 €	20.201.734,22 €	58.600,68 €	0,29
IX	590.000,00 €	590.000,00 €	0,00 €	0,00

## GASTOS E INGRESOS AFECTADOS

GASTOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
I	15.627.431,37 €	15.146.976,07 €	-480.455,30 €	-3,07
II	1.951.892,50 €	2.011.892,50 €	60.000,00 €	3,07
III	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
IV	305.000,00 €	152.000,00 €	-153.000,00 €	-50,16
V	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VI	50.998.425,00 €	51.157.425,00 €	159.000,00 €	0,31
VII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VIII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
IX	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>68.882.748,87 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>-414.455,30 €</b>	<b>-0,60</b>

INGRESOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
III	10.123.092,50 €	10.123.092,50 €	0,00 €	0,00
IV	17.001.431,40 €	16.586.976,07 €	-414.455,33 €	-2,44
V	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VI	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VII	36.448.225,00 €	36.448.225,00 €	0,00 €	0,00
IX	5.310.000,00 €	5.310.000,00 €	0,00 €	0,00

## GASTOS E INGRESOS TOTAIS

GASTOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
I	145.294.320,18 €	144.813.864,89 €	-480.455,29 €	-0,33
II	24.986.384,33 €	25.759.612,00 €	773.227,67 €	3,09
III	500.000,00 €	400.000,00 €	-100.000,00 €	-20,00
IV	1.901.580,00 €	1.733.580,00 €	-168.000,00 €	-8,83
V	200.000,00 €	50.000,00 €	-150.000,00 €	-75,00
VI	54.908.425,00 €	55.211.425,00 €	303.000,00 €	0,55
VII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
VIII	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00
IX	7.067.166,03 €	4.596.105,90 €	-2.471.060,13 €	-34,97
<b>TOTAL</b>	<b>234.857.875,54 €</b>	<b>232.564.587,79 €</b>	<b>-2.293.287,75 €</b>	<b>-0,98</b>

INGRESOS	2018 LX	2018	DIFERENCIA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
III	34.883.617,81 €	34.967.870,01 €	84.252,20 €	0,24
IV	134.483.078,62 €	134.663.401,57 €	180.322,95 €	0,13
V	481.357,10 €	383.357,00 €	-98.000,10 €	-20,36
VI	2.518.463,50 €	0,00 €	-2.518.463,50 €	-
VII	56.591.358,54 €	56.649.959,22 €	58.600,68 €	0,10
IX	5.900.000,00 €	5.900.000,00 €	0,00 €	0,00

Os aspectos máis salientables desas variacións son os seguintes:

1.- Exclusión da anticipación do pagamento do 35% do prezo do alleamento do Vello Hospital de Galeras, por importe de 2.518.463,5 €. Este feito supón reducir, en ingresos e

gastos, ese importe no volume xeral do orzamento. Como xa se sinalou, esta operación materializouse en 2017, polo cal os obxectivos aprobados no Claustro ligados á mesma, executáronse de forma adiantada nese exercicio.

2.- Incremento dos ingresos no Capítulo IV e VII derivados do Plan Galego de Financiamento Universitario ao coñecer as cifras definitivas do reparto, e axustes nos ingresos do Capítulo III e V, estimando con maior precisión as previsións iniciais.

3.- Redución dos gastos estimados de costes financeiros e fondo de reserva, debido, en primeiro lugar, ao adianto da cancelación de anticipos reintegrables producida en 2017 e á consideración de que a evolución favorable do déficit da USC permite adicar menores recursos ás previsións orzamentarias para a súa redución, e tamén os do Capítulo I ligados a conceptos afectados (sexenios, complementos retributivos e prazas vinculadas do SERGAS) derivados dun cálculo máis preciso do gasto a desenvolver en 2018, e, en contrapartida, incrementos nos gastos de servizos e investimentos, de conformidade coas enmendadas aceptadas ou transaccionadas coa aprobación das liñas xerais.

Así, o orzamento total medra, respecto ao 2017, en 7,35 millóns de Euros, é dicir, un 3,27%, dos cales, 1,364 millóns de Euros correspóndense con recursos non afectados (que se incrementan un 0,84% respecto ao ano anterior), e 5,98 millóns de Euros, con recursos afectados (que medran un 9,59% respecto ao exercicio de 2017).

#### **b) Previsión e cuantificación sobre variacións retributivas**

En 2018 está previsto que as retribucións dos empregados públicos medren un 2%, segundo estimacións da Xunta de Galicia. De ser así, os orzamentos da USC veranse incrementados cunha porcentaxe equivalente respecto ao financiamento estrutural do Plan Galego de Financiamento Universitario, que se consolidará para exercicios futuros.

#### **c) Límites nos gastos de persoal**

En cumprimento do acordo sexto do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia en relación co disposto no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, a USC remitiu o 30 de xullo de 2017 a información requirida pola subdirectora xeral de custos de persoal da Consellería de Facenda, relativa á valoración dos postos de traballo de todas as categorías de persoal da universidade así como a previsión do custo para afrontar as modificacións que se vaian facer efectivas en 2018. Nesa información incorporáronse o custe das prazas da división SIIE de UNIXEST, que está previsto extinguir, aos efectos de dispoñer de posibilidades de habilitar calquera solución para ese conxunto de persoal, e a totalidade das prazas non afectadas estritamente pola aplicación literal do Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, co obxecto de non reducir en exceso as posibilidades futuras de recuperación do volume de persoal necesario para un acaído desempeño do servizo público univesitario que temos encomendado.

Desa información dérase que a masa salarial calculada para 2018, sen ter en conta o incremento que poda ser decidido no marco da normativa estatal ou autonómica, acada un

importe de 149,14 millóns de Euros, e un incremento de 4,75 millóns respecto aos 144,39 autorizados en 2017 (un 3,28 %). Tal incremento consolida as medidas de recuperación retributiva e o incremento anual producidos no exercicio.

Ese importe foi incorporado no proxecto de orzamentos da Xunta como límite autorizado para a USC.

#### d) Teito de gasto non afectado

En base das consideracións anteriores, e tendo en conta o criterio contrastado na Comisión Mixta entre o Claustro, Consello de Goberno e Consello Social para o Seguimento do Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio, celebrada o 24 de outubro de 2016, de que o teito de gasto, en base á lexislación aplicable, se determine para os gastos non afectados, este debe fixarse no importe equivalente ás contías dos ingresos previstos procedentes de fondos non competitivos da Xunta e das estimacións doutros ingresos calculados en base ás previsións de liquidación do exercicio de 2017, que son os reflectidos no orzamento de ingresos que se presenta neste proxecto, acadando un importe de 164.096.294,23 €.

Tal contía acrecerá en base aos incrementos que podan derivarse da actualización retributiva xa sinalada.

#### e) Resumo do orzamento da USC para 2018

##### INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRIPTOR	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
III	Taxas e prezos públicos	24.844.777,51 €	10.123.092,50 €	34.967.870,01 €
IV	Transferencias correntes	118.076.425,50 €	16.586.976,07 €	134.663.401,57 €
V	Ingresos patrimoniais	383.357,00 €	- €	383.357,00 €
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>143.304.560,01 €</b>	<b>26.710.068,57 €</b>	<b>170.014.628,58 €</b>
VI	Alleamento de investimentos	- €	- €	- €
VII	Transferencias de capital	20.201.734,22 €	36.448.225,00 €	56.649.959,22 €
<b>Total ingresos de capital</b>		<b>20.201.734,22 €</b>	<b>36.448.225,00 €</b>	<b>56.649.959,22 €</b>
VIII	Variación activos financeiros	- €	- €	- €
IX	Variación pasivos financeiros	590.000,00 €	5.310.000,00 €	5.900.000,00 €
<b>Total ingresos financeiros</b>		<b>590.000,00 €</b>	<b>5.310.000,00 €</b>	<b>5.900.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>
<b>Fondo resultados imputado Capítulo VII</b>		<b>14.299.030,40 €</b>		
<b>Ingresos de consideración corrente</b>		<b>157.603.590,41 €</b>		
<b>Ingresos de capital efectivos</b>		<b>5.902.703,82 €</b>		

## GASTOS

CAPÍTULO	DESCRIPTOR	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
I	Gastos de persoal	129.666.888,83 €	15.146.976,07 €	144.813.864,89 €
II	Gastos en bens correntes	23.747.719,50 €	2.011.892,50 €	25.759.612,00 €
III	Gastos financeiros	400.000,00 €		400.000,00 €
IV	Transferencias correntes	1.581.580,00 €	152.000,00 €	1.733.580,00 €
V	Fondo de continxencia	50.000,00 €	- €	50.000,00 €
<b>Total gastos correntes</b>		<b>155.446.188,33 €</b>	<b>17.310.868,57 €</b>	<b>172.757.056,89 €</b>
VI	Investimentos reais	4.054.000,00 €	51.157.425,00 €	55.211.425,00 €
VII	Transferencias de capital	- €	- €	- €
<b>Total gastos de capital</b>		<b>4.054.000,00 €</b>	<b>51.157.425,00 €</b>	<b>55.211.425,00 €</b>
VIII	Variación activos financeiros	- €	- €	- €
IX	Variación pasivos financeiros	4.596.105,90 €	- €	4.596.105,90 €
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>4.596.105,90 €</b>	<b>- €</b>	<b>4.596.105,90 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>



## 5. Análise do orzamento de ingresos

Cadro cuantitativo relacionado: ANEXO II

No que atinxe ao orzamento de ingresos, cómpre establecer a seguinte agregación e realizar as seguintes precisións:

### Ingresos non afectados

<b>Capítulo III</b>	<b>24.844.777,51 €</b>
Capítulo III custes indirectos	1.945.257,50 €
Resto do Capítulo III	22.899.520,01 €
<b>Capítulo IV</b>	<b>118.076.425,50 €</b>
Capítulo IV custes indirectos	360.000,00 €
Resto do Capítulo IV	117.716.425,50 €
Capítulo V	<b>383.357,00 €</b>
Capítulo VI	<b>0,00 €</b>
<b>Capítulo VII</b>	<b>20.201.734,22 €</b>
Capítulo VII custes indirectos	3.570.775,00 €
Resto do Capítulo VII	<b>16.630.959,22 €</b>
<b>Capítulo IX (custes indirectos)</b>	<b>590.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>164.096.294,23 €</b>

O escenario para os ingresos non afectados parte das estimacións derivadas dos datos da liquidación prevista en 2017, coa excepción dos recursos procedentes do PGFU, que se establecen en base ás cifras resultantes das informacións proporcionadas pola Xunta, xa citadas, en aplicación do PGFU, do ingreso do anticipo/subvención do MINECO previsto para o exercicio e dunha previsión de potencial captación de fondos de I+D para 2018.

### a) Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Os conceptos de ingreso máis salientables e as súas contías neste capítulo son as seguintes:

**Prezos públicos de matrícula**, cun importe de **18.800 miles de Euros**, supón recuperar a orde de magnitude orzamentada en 2016 (18.720 miles de Euros) dado que o resultado previsto da liquidación de 2017 vai situarse arredor desa cifra, incluíndo os prezos públicos polo título propio de Criminoloxía, ata este exercicio considerado independentemente. Tendo en conta de que non se varían os prezos e que a recadación obtida en 2017 xa sufriu o impacto da transformación da estrutura dos estudos, non existindo matrícula en licenciatura e diplomaturas, a estabilidade da recadación semella previsible. Respecto ao exercicio de 2017, esa previsión supón un incremento das estimacións iniciais de 400 mil Euros debido a que nese exercicio adoptouse un criterio de orzamentación extremadamente conservador dados os resultados efectivos obtidos no exercicio de 2016.

Os Prezos polo uso de servizos universitarios (**Centro de Linguas Modernas, Escola Infantil Breogán, Instalacións deportivas e Museo de Historia Natural**) acadan un total de **1.026 miles de Euros**, diminuíndo a previsión realizada en 2017 (1.128 miles de Euros) e 2016 (1.295 miles de Euros).

Mención específica merecen os ingresos por **Dereitos de Aloxamento no Servizo Universitario de Residencias**, que se estiman en **2.250 miles de Euros**. Respecto ao exercicio de 2017 prevese un incremento de 80 mil Euros, que consolida o xa producido nese exercicio respecto ao de 2016 (62 mil Euros). Neste exercicio, o financiamento das **Bolsas Comedor do SUR**, computadas como gastos no Capítulo IV por un importe equivalente ao necesario para aportar aos titulares da bolsa de estudo do Ministerio de Educación recursos equivalentes aos que necesitan para satisfacer parte da diferenza entre o prezo da cota de residencia fixada no SUR e a cantidade percibida por ese concepto do MEC, farase contra recursos non afectados, procedentes da partida do PGFU de compensación de bolsas MEC, estimándose un importe de 525 mil Euros. Esa contía figura incluída na previsión de ingresos por cotas de aloxamento.

As previsións pola prestación de **servizos docentes**, excluídos os cursos de posgrao, (**IV ciclo, cursos de verán**), e os dereitos de **inscrición en oposicións** acadan un total de **221,2 mil Euros**, incrementando o importe de 2017 (164,1 mil Euros).

Os ingresos derivados de compensación de **consumos de concesionarios** por subministracións (auga, enerxía) abonadas pola USC, así como os de **ventas de produtos ou servizos** (publicacións ou enerxía), e o **reintegro de anuncios** de contratación administrativa e **outros ingresos diversos**, acadan un total de **654,4 mil Euros**, fronte aos 678,5 miles de Euros estimados en 2017.

En calquera caso, os ingresos máis salientables a efectos da xestión universitaria son os obtidos por custes indirectos de actividades formativas (sobre todo, cursos de posgrao propio, pero tamén a inscrición en congresos ou seminarios), **servizos de investigación** ou **prestacións clínicas**, que dan lugar a un ingreso non afectado de **1.945,2 miles de Euros** (fronte aos 2.074 miles de Euros de 2017, os 2.009 miles de Euros de 2016 e os 1.564,5 miles de Euros do 2015), e xerando un gasto afectado de **10.123 miles de Euros**.

#### **b) Capítulo IV. Transferencias correntes**

As partidas máis relevantes neste capítulo son as derivadas do novo PGFU xa comentadas e, en concreto, a subvención estrutural por **financiamento de coste estandar de docencia**, que acada os **101,6 miles de Euros**; a de mantemento do **Consello social**, por importe de **200 mil Euros**; a parte imputada como **transferencia corrente** do financiamento por resultados derivado do **panel de indicadores** do novo Plan, por un importe de **14,29 miles de Euros**, e a correspondente á compensación de matrículas de bolseiros MEC, por **1,6 miles de Euros**.

Adicionalmente, impútanse a este capítulo o importe equivalente aos **custes indirectos** que resultan de detraer o 20% á subvención aportada polo **Banco de Santander**, que sendo de 1.800 miles de Euros, supón un ingreso non afectado de **360 mil Euros**.

#### **c) Capítulo V. Ingresos patrimoniais**

Neste capítulo recóllense as estimacións de xuros a favor da USC polos seus saldos de activo en contas bancarias, que se estiman en **3,3 mil euros**, reducindo a estimación realizada en 2017, de 6 mil Euros; os correspondentes a canons de concesións administrativas, estimados en **160 mil Euros**, e os derivados de alugueres e produtos de inmobles, estimados en **220 mil Euros**, sen variacións significativas respecto a 2017.

#### **d) Capítulo VII. Transferencias de capital**

Neste capítulo orzaméntanse, esencialmente, dous tipos de ingreso:

- As subvencións ligadas ao PGFU de carácter non condicionado, que son a parte do fondo de resultados do panel de indicadores considerado como transferencia de capital, por un importe de **14.299 miles de Euros**, e o fondo de RAM, con un importe de **2.331 miles de Euros**.
- Os custes indirectos derivados de actividades de investigación de orixes diversas. Estes acadan un importe total de **3.570 miles de Euros**, dando lugar a un gasto afectado de **32.431 miles de Euros**. As previsións a este respecto realizadas en 2017 foron de **2.752 miles de Euros** e un gasto afectado asociado de **30.323 miles de Euros**. Dentro da incerteza que sempre se da ao calcular estas magnitudes, a estimación de 2018 parte de incrementar a captación agregada de fondos e a porcentaxe de custe indirecto aplicable (que se situaría arredor do 10% fronte ao 8,25 % do ano anterior) toda vez que se estima que en 2018 diminúa o volume

relativo de recursos asociados a infraestructuras, sobre os que non se poden aplicar custes indirectos.

#### e) **Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros**

Neste capítulo recóllese o ingreso por custe indirecto derivado dunha subvención do MINECO que, coa técnica que actualmente utiliza, asigna inicialmente a axuda como un anticipo que é transformado en subvención de capital (CAPÍTULO VII) no momento en que se produce a xustificación de acción.

Esta forma de instrumentar as axudas está xerando problemas de cumprimento dos criterios de déficit definidos coa metodoloxía SEC en todas as universidades españolas, pero, en termos reais, os custes indirectos (neste caso, **590 mil Euros**) e os recursos afectados vinculados, son ingresos para executar gastos no exercicio.

#### **INGRESOS AFECTADOS**

<b>Capítulo III</b>	<b>10.123.092,50 €</b>
<b>Capítulo IV</b>	16.586.976,07 €
<b>Capítulo VII</b>	36.448.225,00 €
<b>Capítulo IX</b>	5.310.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>68.468.293,57 €</b>

No que respecta a ingresos afectados, a estimación que se reflicte no cadro anterior parte de non considerar inicialmente ningunha subvención corrente das que usualmente se perciben para programas de mobilidade e outras bolsas, por non dispoñer dun escenario certo ao respecto.

En consecuencia, as estimacións redúcense aos servizos por investigación, a proxectos de I+D e a cursos de posgrao, engadindo os recursos correspondentes ao financiamento de fondos a liquidar por custe derivados do PGFU así como os do convenio suscrito co Banco de Santander e o da operación de anticipo do MINECO, dos que xa se falou, e **1 millón de Euros** estimado como subvención finalista da Xunta para financiar a contratación pola USC da redacción do proxecto executivo do novo Complexo Docente de Ciencias da Saúde (Facultades de Medicina e Odontoloxía, e Enfermería).

Dese total, **15.146 miles de Euros** correspóndense con ingresos procedentes do PGFU para gasto corrente (sexenios, complementos retributivos autonómicos, consolidación de

persoal investigador e prazas vinculadas co SERGAS), todos imputados ao Capítulo IV. Fronte á contía do exercicio de 2017 (16.029 miles de Euros). Así, a comparación de magnitudes non é pertinente por non ter homoxeneidade.

Pola súa parte, como xa se sinalou, o **Banco de Santander** proporciona 1.800 mil Euros, dos que se detraen 360 mil como custe indirecto e **1.440 mil euros** mantéñense como recurso para gasto.

En consecuencia, os ingresos afectados netos derivados de actividades de I+D e docentes son **45.571,3 miles de Euros** (44.450,1 miles de Euros en 2017 e 44.339 mil euros en 2016) por servizos prestados a particulares e por subvencións de capital captadas, fundamentalmente, do Estado, da Xunta e da Unión Europea. Esta cifra consolida o salto producido en captación fondos no exercicio de 2016 respecto ao 2015 que foi do 42%.

## 6. Análise do orzamento de gastos

### Cadro cuantitativo relacionado. ANEXO III

O resumo do orzamento de gastos recóllese no cadro seguinte:

RESUMO DO ORZAMENTO DE GASTOS 2018	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
Capítulo I: Gastos de Persoal	129.666.888,83 €	15.146.976,07 €	144.813.864,90 €
Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos	23.747.719,50 €	2.011.892,50 €	25.759.612,00 €
Capítulo III: Gastos Financeiros	400.000,00 €	- €	400.000,00 €
Capítulo IV: Transferencias correntes	1.581.580,00 €	152.000,00 €	1.733.580,00 €
Capítulo V: Fondo de reserva	50.000,00 €	- €	50.000,00 €
Capítulo VI: Investimentos Reais	4.054.000,00 €	51.157.425,00 €	55.211.425,00 €
Capítulo VII: Transferencias de capital	- €	- €	- €
Capítulo VIII: Variación de activos financeiros	- €	- €	- €
Capítulo IX: Variación de pasivos financeiros	4.596.105,90 €	- €	4.596.105,90 €
<b>TOTAL DE GASTOS</b>	<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>

A análise do orzamento realizarase atendendo ás tres clasificacións dos gastos.

#### a) Dende o punto de vista económico:

No cadro seguinte pódese ver o peso relativo dos distintos capítulos de gasto sobre o orzamento non afectado e total.

GASTOS	NON AFECTADOS	TOTAL
Capítulo I	79,02	62,27
Capítulo II	14,47	11,08
Capítulo III	0,24	0,17
Capítulo IV	0,96	0,75
Capítulo V	0,03	0,02
Capítulo VI	2,47	23,74
Capítulo IX	2,80	1,98
TOTAL	<b>100,00</b>	<b>100,0</b>

Como se pode apreciar, o volume do gasto de persoal é o máis salientable, chegando a absorber un 62,27 % do gasto total e un 79,02 % do gasto non afectado.

GASTOS	NON AFECTADOS	TOTAL
<b>PDI</b>	63,89	67,67
<b>PAS</b>	34,55	30,94
<b>Comúns</b>	1,56	1,40
<b>TOTAL</b>	<b>100,00</b>	<b>100,00</b>

Do gasto total, o PDI supón o 67,67 %, o PAS o 30,94 % e os gastos de natureza común para os dous colectivos, o 1,40 %.

O segundo capítulo en volumen de recursos é o de Investimentos Reais, que acada o 23,74 % do total, pero neste caso o groso do gasto correspóndese a recursos afectados, supoñendo só un 2,47 % dos recursos non afectados.

O terceiro capítulo en volumen é o de Gastos en bens correntes e servizos, cun 11,08% sobre o total de gastos do orzamento, dándose neste caso unha situación inversa á do capítulo de investimentos, xa que o peso sobre os gastos non afectados é do 14,47 %.

O capítulo de Variación de Pasivos financeiros ten un peso do 1,98 % do total dos gastos, pero dun 2,80 % sobre os non afectados e 0% sobre os afectados.

Os capítulos restantes, gastos financeiros, fondo de continxencia e transferencias correntes, teñen pesos inferiores ao 1% do orzamento.

#### **b) Dende o punto de vista orgánico:**

A estrutura da universidade e a regulación dos procedementos para xestionar as distintas actividades e actuacións sobre os distintos tipos de gasto orzamentario, fan que a visión resultante da asignación orgánica dos créditos non resulte en exceso relevante se do que se trata é de establecer a marxe de decisión que sobre os recursos teñen os responsables aos que os créditos lles están asignados.

Como se pode deducir do cadro adxunto, o primeiro que cómpre para ter unha visión desta cuestión é deducir do total do orzamento os gastos do capítulo I, os de subministracións e servizos básicos (enerxía, limpeza, seguridade, mantemento de equipos e zonas verdes, tratamentos hixiénicos e de residuos, comunicación), así como os financeiros, que están centralizados e adscritos a Xerencia, cuxo volumen é de 151 millóns de Euros, un 92 % dos gastos non afectados.

	NON AFECTADO	%
Orzamento total	<b>164.096.294,23</b>	<b>100,00</b>
<b>Capítulo I: Gastos de Persoal</b>	129.666.888,83	79,02
<b>Subministracións e servizos básicos</b>	16.302.598,00	9,93
<b>Gastos financeiros</b>	4.996.105,90	3,04
Subtotal	<b>150.965.592,73</b>	<b>92,00</b>
Resto	<b>13.130.701,50</b>	<b>8,00</b>

Os 13 millóns restantes representan un 8,00 % do total de gastos non afectados. A distribución dos créditos, en base a criterios orgánicos, resultaría a seguinte:

<b>Investimentos RAM</b>	<b>2.100.000,00</b>	<b>16,05</b>
<b>Facultades, Escolas, Institutos, Departam.</b>	2.506.700,00	19,16
<b>Servizos apoio docencia e investigación</b>	3.202.599,00	24,48
<b>Servizos á comunidade univesitaria</b>	3.550.737,00	27,14
<b>Consello Social</b>	200.000,00	1,53
<b>CISUG</b>	246.100,00	1,88
<b>Goberno, administración e servizos xerais</b>	1.274.560,00	9,74
		<b>100,00</b>

No epígrafe de servizos de apoio á docencia e á investigación, a unidade orgánica máis destacable é a Biblioteca Universitaria, que concentra 2,583 miles de Euros, e no de servizos á comunidade universitaria, a Área TIC, que concentra 2,318 miles de Euros.

No que afecta a gastos con financiamento afectado, os importes máis salientables son os asignados ao Centro de Estudos Propios para o desenvolvemento da oferta formativa financiada con recursos afectados, que supón 1,462 miles de Euros, e o fondo para actividades de I+D+i, asignado á Vicerreitoría de Investigación, por importe de 49,41 millóns de Euros e que, obviamente, é xestionada polos responsables dos cursos ou os IPs dos proxectos e contratos (arredor de 900).

### c) Dende o punto de vista funcional:

A clasificación funcional da USC diferencia 5 Áreas funcionais, que agregan 10 Grupos de Función, dous por área, para identificar contablemente os gastos con orixe en recursos non afectados e afectados.

O peso dos gastos de persoal e a dificultade para diferenciar en termos funcionais os distintos postos de traballo, fai que a visión que aporta esa clasificación quede distorsionada ao se imputar todo o gasto do Capítulo I nos grupos 3 e 8, Produción de infraestrutura e servizos á docencia e á investigación.



Co obxecto de facilitar unha aproximación máis gráfica ás finalidades do gasto do orzamento da USC detráese o importe do Capítulo I, co que a distribución do gasto restante, é a seguinte:

		<b>Orzamento</b>	<b>%</b>
1 e 6	Produción e prestación de servizos de apoio á docencia	2.144.401,00	2,44
2 e 7	Produción e prestación de servizos de apoio á investigación	51.052.775,00	58,18
3 e 8	Produción de infraestruturas e servizos a docencia e á investigación	26.992.328,00	30,76
4 e 9	Asistencia , extensión universitaria e promoción da comunidade universitaria.	2.515.107,00	2,87
0 e 5	Financeiros	4.996.105,90	5,75
		<b>87.750.722,90</b>	<b>100</b>

## 7. Liñas máis salientables de actuación cos recursos orzamentarios

### a) En materia de persoal

O importe orzamentado contempla o crédito necesario para, reducindo o derivado das xubilacións forzosas de PDI e PAS funcionario, así como do persoal laboral suxeito á xubilación parcial, cumprir a senda fixada no Plan Financeiro de Reequilibrio, absorber as derivas de custes retributivos do cadro de persoal e implementar as medidas de reposición efectiva de prazas e recursos orzamentarios para o persoal derivadas dos respectivos plans impulsados polo equipo de goberno, e que supoñen estas contías:

	<b>Dotación en 2018</b>	<b>Valor consolidado</b>
Incrementos consolidados PAS	150.000,00€	300.000,00€
Incrementos consolidados PDI	500.000,00€	1.050.000,00€
<b>Gasto total orzamentado en valor anual</b>	<b>650.000,00€</b>	<b>1.350.000,00€</b>

Este importe non inclúe os recursos liberados polos procesos de promoción de PDI rematados no ano 2017.

### **PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR**

Os eixos de acción do plan de persoal son:

- 1.- Dotación de prazas novas por cobertura de necesidades;
- 2.- Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de Profesor Axudante Doutor a Profesor Contratado Doutor;
- 3.- Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de profesor interino a Profesor Contratado Doutor;
- 4.- Promoción de Profesores Contratados Doutores a Profesor Titular de Universidade (transformación que require dotar o primeiro ano a praza de titular por coste total que, ao ano seguinte, é recuperada polo coste da de contratado doutor se quen obtén a praza é un profesor da USC);
- 5.- Promoción de Profesores Titulares de Universidade a Catedráticos de Universidade (que require idéntico procedemento de orzamentación que o sinalado para o caso anterior)

As previsións de aplicación dos fondos dispoñibles en 2018, a expensas do resultado da negociación cos órganos de representación sindical e da decisión definitiva do Consello de Goberno, poden permitir a cobertura de 12 prazas novas de axudante doutor, a consolidación de 1 praza de axudante doutor noutras de contratado doutor de acordo co

establecido no convenio colectivo do PDI, a consolidación de 6 profesores interinos en prazas de contratado doutor e a promoción de 15 profesores contratados doutores a titulares e de 15 profesores titulares a catedráticos, coas precisións de técnica orzamentaria indicadas con anterioridade.

Adicionalmente, aproveitaranse os recursos de que se dispoña na execución orzamentaria, por non ocupación de prazas en periodos para os que están orzamentadas, para mellorar a atención de necesidades docentes derivadas da programación anual e que non xeren compromisos consolidables.

En todo caso, a proposta de prazas na que se concreten estes eixos de acción faránse de maneira conxunta coa programación anual do curso 2018/2019.

### **PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Os eixos de acción para o persoal de administración e servizos formuladas en 2017 foron:

- 1.- A funcionarización do persoal laboral
- 2.- Dotación de novos efectivos
- 3.- Corrección de desequilibrios retributivos entre colectivos
- 4.- Axustes derivados da reorganización de servizos

Durante o exercicio desenvolveuse unha intensa negociación coa representación sindical que concluiu acadando un acordo para a funcionarización do persoal laboral e a corrección de desequilibrios retributivos entre colectivos que, non obstante, non foi ratificado polos traballadores laborais da USC en consulta realizada o pasado 19 de outubro. En consecuencia, boa parte das formulacións contidas no citado acordo non poden aplicarse, malia a vontade expresada polo Comité Intercentros do persoal laboral de retomar as negociacións para tratar de acadar un acordo satisfactorio que, en todo caso, deberá tamén contar co acordo da Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos.

Neste contexto, e tendo en conta que a viabilidade de moitas das accións de mellora dependen de que se materialice a liberación de recursos que pode implicar ese proceso de funcionarización a causa da diminución dos custes sociais empresariais, as actuacións previstas para o 2018 nesta materia serán:

- 1.- Executar o acordo de homoxeneización da antigüidade entre o persoal funcional e o laboral, obxectivo de corrección de desequilibrios retributivos de ampla incidencia e que homologaría, tamén, ese elemento retributivo do existente para o persoal funcionario nas universidades de A Coruña e Vigo. Tal homoxeneización concretarase en tres chanzos anuais, a executar de Xullo a Xullo de 2017, 2018 e 2019. O periodo de Xullo a Decembro de 2017 aboarase en Xaneiro de 2018. O custe consolidado de cada chanzo é de 200 mil Euros, quedando financiado cos recursos orzamentario dispoñibles en cada exercicio.
- 2.- Acometer unha regularización das RPTs funcional e laboral para axustalas á realidade orzamentaria e para incorporar reformas organizativas consecuencia de decisións

adoptadas fundamentalmente no ámbito dos servizos académicos (creación do CIEDUS e do CEP, e reorganización das unidades de xestión de centros e departamentos).

3.- Proseguir co proceso de negociación cara a posible funcionarización do persoal laboral.

4.- Abordar as políticas de persoal que polo seu interese estratéxico non poidan quedar supeditadas á funcionarización do persoal laboral, como poden ser a mellora da profesionalización e eficiencia do desempeño mediante liñas de formación e promoción profesional e a reordenación de determinadas áreas ou servizos (como os de administración e concluir a programada reordenación das conserxerías, entre outras accións posibles). A tales efectos, previa negociación coa representación do PAS, destinarase unha reserva dos incrementos consolidados do cadro de PAS.

Adicionalmente, en 2018 é previsible que se poda levar a efecto unha consolidación a fixo de emprego temporal, excluído das limitacións da taxa de reposición, que permitiría estabilizar os cadros de persoal sen variacións dos custes.

### **ACCIÓN SOCIAL**

En materia de acción social, o orzamento dota recursos para facer fronte ás prestacións de axuda de matrícula en estudos universitarios e en custos de residencia de intercambios de persoal universitario, axudas de escola infantil en Lugo e a suscripción de seguros para os distintos colectivos de persoal.

### **PERSOAL CONTRATADO CON RECURSOS ALLEOS DE I+D+i**

Ao longo de 2018 espérase poder concluir a negociación coas organizacións sindicais, comezada en 2017, dun marco regulador das condicións de traballo do persoal contratado con recursos alleos e afectados de I+D+i.

#### **b) En materia de xestión da I+D+i**

Ademáis das actuacións de planificación estratéxica dos Institutos, proseguirase coa implementación e desenvolvemento do modelo de xestión dos Programas Integrados de Xestión da Investigación (PIXI).

#### **c) En materia de oferta e calidade docente**

Completaranse as actuacións para a posta en marcha da nova estrutura de xestión dos estudos de posgrao propio e doutoramento (Centro de Estudos Propios e CIEDUS); impulsarase a docencia virtual; e implementarase un mellor financiamento dos centros docentes e da mellora do seu equipamento, modificando o xeito de xestionar a relación entre estes recursos e os obxectivos de mellora da calidade atribuíndolles aos propios centros maior autonomía para este obxectivo. Así, do total de recursos descentralizados para Facultades e Escolas Técnicas Superiores distribúense no orzamento inicial 1.685.200 Euros de acordo cos criterios fixados no acordo dos Decanos/as e Directores/as de Centro o 15 de febreiro de 2016 (80% de acordo a parámetros xerais; 20% de acordo a requirimentos de docencia práctica), e 95.800 Euros por criterios xerais orientados a

accións de mellora da calidade da docencia, sendo responsable cada Centro de destinar unha parte do seu orzamento a esa finalidade.

Igualmente impulsaranse o establecemento de criterios coordinados para atender as necesidades derivadas da docencia a financiar con recursos de Centros e Departamentos de forma que se mellore e acrecente a normalización da xestión dos mesmos.

#### **d) En materia de internacionalización**

As accións máis importantes neste eido serán a implementación das previsións do Plan Estratégico de Internacionalización da USC, aprobado o pasado 18 de outubro de 2017, que, cun horizonte temporal de tres anos, busca asentar estratexicamente á USC a escala internacional pivotando en 4 liñas de acción:

- 1.- Internacionalización Institucional da USC: internacionalización na casa.
- 2.- Incremento do potencial internacional da docencia.
- 3.- Incremento do potencial internacional da investigación e da cooperación.
- 4.- Internacionalización a través da captación e da mobilidade das persoas.

#### **e) En materia de especialización dos campus**

En 2018 deberá coller pulo o desenvolvemento do Campus da Cidadanía, como terceiro campus especializado da USC, coa aprobación do seu Plan Estratégico.

#### **f) En materia de infraestruturas de investigación**

En 2018 espérase poder poñer en funcionamento o Centro de Bioloxía Experimental, no Campus Vida, en Santiago de Compostela, tras os retrasos de autorizacións urbanísticas que impediron conseguilo en 2017.

#### **g) Cooperación interuniversitaria: o CISUG**

En 2018 constituirase o Consorcio Interuniversitario do SUG, que unificará as actuais estruturas de cooperación interuniversitaria (BUGalicia, CIXUG e CIUGA), e que quedará adscrito á USC.

## **8. Cadros de persoal**

### **Cadro cuantitativo relacionado. ANEXO IV**

Os cadros de persoal, que se conteñen no anexo, recollen a situación de efectivos a 1 de Xaneiro de 2018 e prevén o saldo de recursos resultante da dotación de prazas e da amortización das que se deriven de xubilacións que deban ter tal tratamento de conformidade co Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio.

## 9. Programación de investimentos

### Cadro cuantitativo relacionado. ANEXO V

As grandes liñas das obras de RAM, que se detallan no cadro anexo, son, en primeiro lugar, a reparación de elementos estruturais dos edificios, e especialmente a conclusión das obras desa natureza requiridas polos problemas do pavillón docente da Facultade de Farmacia, que deberán ser completadas posteriormente coa plena recuperación funcional do edificio; en segundo lugar, desenvólvense accións para asegurar a estanqueidade das cubertas e evitar o deterioro derivado das filtracións de auga; a mellora das infraestruturas eléctricas e as de calor e refrixeración, e a corrección de deficiencias de edificios e instalacións que impliquen incumprimentos de normativas e regulamentacións industriais e situacións de risco laboral valorados como altos. Por último, aténdense actuacións de puntuais de construción e urbanización requiridas ben para a autorización da posta en funcionamento de servizos e para a corrección de deficiencias na accesibilidade a edificios ou para mellorar determinadas funcionalidades requiridas pola comunidade universitaria en servizos tan relevantes como os deportivos, o SUR ou o de vixilancia da saúde.

A programación de investimentos incorpora o crédito dotado en 2018, por importe de 2,1 millóns de Euros, e a disposición de 1 millóns de Euros do exercicio de 2019, que será xestionado, en función das condicións concretas das actuacións ás que se aplique, utilizando os mecanismos de créditos plurianuais previstos na base 6 das de execución do orzamento.

Neste eido merece unha consideración específica a continuidade da redacción do proxecto do novo Complexo de Ciencias da Saúde (Facultade de Medicina e Odontoloxía e Enfermería), operación que deberá configurarse de xeito definitivo ao longo do exercicio. A dotación do crédito para esta actuación procede dunha transferencia de capital afectada a realizar pola Xunta de Galicia tras a suscripción do correspondente convenio.

No que atinxe a investimentos en TIC, estes dótanse con 800 mil Euros de recursos non afectados, completando o investimento en curso iniciado en 2016 por 1 millón de Euros e en 2017, con 900 mil, fronte ao reducido crédito dispoñible en 2015, que foi de 394 mil Euros. No plan de investimentos inclúese unha partida para completar o financiamento da renovación da rede, a necesaria para financiar o CPD de respaldo, quedando 125.000 euros para atender outras demandas de equipamento informático. Entre elas figurará un plan de renovación centralizada de equipos a disposición do PDI, que se dotará cunha cantidade de 40.000 Euros.

### 3. ORZAMENTO DA USC PARA 2018

#### 1. Orzamento

##### a) Resumo por capítulos (clasificación económica)

O orzamento do ano 2018, igual que en exercicios anteriores, mantén a diferenciación dos créditos afectados ao cumprimento dunha actividade específica de aqueles outros destinados ao funcionamento ordinario da universidade, os non afectados.

##### INGRESOS

2018	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
Capítulo III	24.844.777,51 €	10.123.092,50 €	34.967.870,01 €
Capítulo IV	118.0766.425,50 €	16.586.976,07 €	134.663.401,57 €
Capítulo V	383.357,00 €	0 €	383.357,00 €
Capítulo VI	0 €	0 €	0 €
Capítulo VII	20.201.734,22 €	36.448.225,00 €	56.649.959,22 €
Capítulo IX	590.000,00 €	5.310.000,00 €	5.900.000,00 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>

##### GASTOS

2018	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
Capítulo I	129.666.888,83 €	15.146.976,07 €	144.813.864,89 €
Capítulo II	23.747.719,50 €	2.011.892,50 €	25.759.612,00 €
Capítulo III	400.000,00 €	0,00 €	400.000,00 €
Capítulo IV	1.581.580,00 €	152.000,00 €	1.733.580,00 €
Capítulo V	50.000,00 €	0,00 €	50.000,00 €
Capítulo VI	4.054.000,00 €	51.157.425,00 €	55.211.425,00 €
Capítulo VII	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Capítulo VIII	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Capítulo IX	4.596.105,90 €	0,00 €	4.596.105,90 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>164.096.294,23 €</b>	<b>64.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>

As cifras do orzamento incorporaranse aos sistemas de xestión redondeando os decimais. No caso de se ter que realizar algún axuste por desviación agregada, esta regularizarase na partida que se decida pola Xerencia de entre as asignadas a ela.

##### b) Teito de gasto non financeiro

O teito de gasto non afectado para o exercicio 2018 ascende a 164.096.294,23 euros, contía que se verá incrementada co importe das actualizacións retributivas a concretar nas Leis de Orzamento do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Normas de execución do orzamento

### **Artigo 1. Os créditos e as súas vinculacións**

As partidas do orzamento de gastos para o 2018 preséntanse de acordo coas clasificacións orgánica, funcional e económica.

1. Os créditos con financiamento afectado terán carácter vinculante co nivel de desagregación co que figuren no orzamento.

2. A vinculación dos créditos non afectados establécese conforme aos seguintes criterios:

#### **a) Vinculación orgánica:**

Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código orgánico.

#### **b) Vinculación económica.**

Terán carácter vinculante e limitativo a nivel de **capítulo orzamentario**:

- Os créditos destinados a gastos de persoal, agás o artigo 15 (incentivos ao rendemento e gratificacións), que manteñen a súa vinculación a nivel de artigo.
- Os gastos en bens correntes e servizos.
- Os gastos financeiros.

Terán carácter vinculante a nivel de **artigo orzamentario**:

- Os investimentos reais.
- Os activos e pasivos financeiros.

Terán carácter vinculante a nivel de **concepto orzamentario** as transferencias correntes e as transferencias de capital, coa excepción das subvencións nominativas, que terán carácter vinculante co nivel de desagregación co que aparece no orzamento

#### **c) Vinculación funcional.**

Os créditos que figuran no orzamento asignados a centros ou unidades orgánicas teñen carácter vinculante e limitativo a nivel de código funcional.



### **Limitación cuantitativa**

a) Non se poderán adquirir compromisos de gasto por contía superior ao importe do crédito autorizado no estado de gastos e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan esta norma, de acordo co artigo 57 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro .

b) Será causa de apertura dun expediente de información reservada ao director de centro de gasto a contratación ou encargo a un terceiro dunha prestación con cargo aos orzamentos da USC cando non exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos.

### **Limitación temporal**

A vixencia temporal das partidas orzamentarias é o exercicio económico que se corresponde co ano natural, agás para:

a) As partidas orzamentarias de actividades con financiamento específico que manterán a súa vixencia ata a data de fin da actividade.

b) Aquelas actividades cuxa duración exceda o exercicio orzamentario, para o cal deberá periodificarse o crédito en función da previsión da execución do gasto nos exercicios orzamentarios nos que a actividade estea vixente.

c) Non poderán adquirirse compromisos de gasto que excedan a vixencia da actividade financiada.

### **Artigo 2. Modificacións de crédito**

1.- As modificacións de crédito esixirán unha proposta razoada da variación que se efectúe, e deberá valorarse a incidencia que poida ter, de ser o caso, na consecución dos obxectivos fixados no momento da aprobación do orzamento.

2.- Non se poden financiar nin total nin parcialmente gastos afectados con créditos non afectados agás para aqueles programas de xestión integrada de investigación ou as actividades de carácter institucional para os que así o aprobe o Consello Social por proposta do Consello de Goberno.

3.- Terán a consideración de distribucións de crédito, autorizadas polo reitor, as transferencias que se realizan dende as partidas que teñen a consideración de fondos ás partidas específicas afectadas ao cumprimento da actividade que orixina o financiamento.

4.- Consideraranse distribucións de créditos as modificacións que se realicen para dotar crédito a:

- a) Departamentos
- b) Teses de doutoramento
- c) Concursos para a provisión de prazas
- d) Prácticas de campo
- e) Programas de calidade
- f) Cursos posgrao
- g) Proxectos, contratos, reunións científicas, convenios de investigación e infraestruturas de investigación.

5.- A autorización das modificacións de crédito axustarase ao disposto no artigo 174 dos estatutos da Universidade de Santiago, de acordo coas seguintes particularidades:

**a) Correspóndelle ao Consello Social, por proposta do Consello de Goberno, a aprobación de:**

-Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

-As ampliacións de crédito.

-As transferencias de crédito de operacións correntes a operacións de capital e de operacións de capital a correntes de programas de mantemento xerais e programas de investimentos.

**b) Correspóndelle ao reitor a aprobación de:**

-As xeracións de crédito.

-A incorporación de remanentes.

-As transferencias de crédito entre operacións correntes e de capital por causas derivadas do cumprimento de normas de carácter xeral

6.- Poderán xerar crédito nos estados de gastos do orzamento da Universidade os ingresos liquidados que superen a previsión de ingresos orzamentada, derivados das seguintes operacións:

-Prestacións de servizos.

-Achegas de persoas naturais ou xurídicas para financiar gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da universidade.

7.- Para garantir a execución das actividades financiadas con recursos externos poderase xerar crédito nas partidas 8050 7000 64100 “Fondo proxectos de Investigación”, 8050 7000 64200 “Fondo de contratos e convenios de investigación” e a partida 5505 1100 22800 “Fondo cursos posgrao propio” sen o requisito do apartado anterior.

### **Artigo 3. Gastos de persoal**

As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que, nesta materia, dispoña a Normativa da Comunidade Autónoma Galega para o exercicio 2018.

a) Co obxecto de acomodar de forma progresiva as retribucións do persoal funcionario de administración e servizos da USC, tanto de carreira como interino, ás percepcións actualmente recoñecidas ao persoal laboral de administración e servizos e ao persoal funcionario de administración e servizos das outras universidades do SUG, os funcionarios de administración e servizos da USC percibirán un complemento de homoxeneización da antigüidade.

Ese complemento terá ata o 1 de Xullo de 2018 o importe equivalente a un terzo da diferenza, en cómputo anual, entre o valor recoñecido para os trienios do persoal laboral e a contía de antigüidade que lle corresponde polos trienios devengados como funcionario. Dende o 1 de Xullo, ese importe pasará a ser o de dous terzos da citada diferenza, e, dende o 1 de Xullo de 2019, será equivalente a diferenza total entre eses dous tratamentos da antigüidade. En relación cos novos trienios perfeccionados a partir do 1 de xullo de 2017, o complemento virá dado polo importe total do diferencial que o constitúa.

No mes de xaneiro aboarase o importe que tería suposto a aplicación dese complemento no periodo comprendido entre o 1 de Xullo e o 31 de decembro de 2017.

Os actuais CPTs dos funcionarios de biblioteca serán absorbidos polas contías derivadas do novo complemento de homoxeneización da antigüidade, de xeito que en xullo de 2019 a contía dos mesmos quede absorbida na súa totalidade polo novo complemento.

b) O persoal contratado con cargo ás Axudas dos Programas de Recursos Humanos percibirá as retribucións mínimas establecidas nas convocatorias.

c) Os cadros de persoal incluídos no anexo correspóndense coas prazas orzamentadas o día 1 de xaneiro de 2018

As relacións de postos de traballo deberán ser adaptadas aos cadros de persoal orzamentados e ás variacións que se produzan como resultado da aplicación das medidas derivadas do Plan Económico Financeiro de Equilibrio de conformidade co establecido nos artigos 21.2, 22.2 e 106 d) dos Estatutos, no que atinxe ao PDI, e ao artigo 41.1, no que atinxe ao PAS.

d) De conformidade co previsto no proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, as relacións de postos de traballo poderán modificarse para executar as sentenzas xudiciais firmes de recoñecemento dunha relación laboral de carácter

indefinido non fixo que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir aos afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Este posto preexistente deberá ser acorde coa natureza funcionarial ou laboral en relación coas funcións asignadas pola sentenza xudicial firme para poder adscribir ao mesmo ao persoal afectado.

e) No orzamento dótase un fondo de 650.000 euros para atender os incrementos ou melloras en materia de persoal coa seguinte distribución: PAS 150.000 euros e PDI 500.000 euros, de acordo coa actualización do plan económico financeiro de reequilibrio.

f) As contratacións de persoal para substitucións de vacantes, baixas por enfermidade ou outras causas serán financiadas con cargo aos créditos dos correspondentes cadros de persoal supeditándose á súa suficiencia.

g) Poderase xerar crédito no capítulo I para gastos de persoal con motivo da prestación de servizos financiados con prezos. Os gastos deste persoal, incluídas as cotas sociais, non poderán superar os ingresos.

h) Tamén poderán xerar crédito no capítulo I os ingresos derivados do financiamento por terceiros de custes da estrutura de persoal.

i) A Xerencia determinará os gastos de persoal que deban ser cofinanciados entre distintas partidas do orzamento e emitirá as modificacións de crédito que correspondan.

j) Os créditos para o pagamento dos conceptos de produtividade investigadora, complementos retributivos autonómicos, complementos asistenciais SERGAS e complemento asistencial Rof-Codina son afectados e financiados na súa integridade coas achegas específicas do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 e consecuentemente terán a consideración de crédito ampliable os créditos que amparan ditos gastos.

k) Inclúense no capítulo I os créditos destinados ao financiamento dos planos de formación do Persoal de Administración e Servizos, así como os correspondentes á acción social do persoal.

l) Non se incluírán na nómina do mes de agosto pagamentos correspondentes á impartición de cursos, conferencias, colaboracións, asistencia a órganos colexiados ou retribucións similares do persoal con vinculación xurídica coa USC.

m) A reserva de crédito para gastos de persoal con financiamento afectado deberá contemplar un incremento do 2% respecto á do ano 2017 en previsión do incremento retributivo que poda producirse en 2018. Unha vez aprobados os orzamentos do Estado e da Comunidade Autónoma, actualizarase esta reserva de acordo co que nelas se estableza.

n) Na contratación de persoal laboral temporal tomaranse as medidas necesarias para evitar, na medida do posible, que a Universidade teña que asumir gastos de indemnizacións derivados de sentenzas xudiciais.

Entre estas medidas instrumentaranse mecanismos para repercutir eses custes potenciais ás unidades ou responsables das propostas de contratación que dean lugar a eses gastos.

#### **Artigo 4.- Actividades de I+D+i e tipos de programas**

A Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento das actividades de I+D+i executadas con cargo a financiamento afectado e con carácter finalista establecerá dous tipos de programas:

- a) Programas de Xestión Integrada (PXI)
- b) Actividades, Proxectos e contratos de investigación singularmente considerados (en adiante Actividades Singulares de I+D+i, -AS-)

##### **4.1.- Programas de xestión integrada (PXI)**

A Xerencia ditará instrucións específicas sobre a xestión orzamentaria destes programas co obxecto de optimizar o aproveitamento dos seus recursos e facilitar a estabilidade da súa actividade conxunta.

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/instruccion/Descargas2015/Instruccion\\_IX.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/instruccion/Descargas2015/Instruccion_IX.pdf)

##### **4.2.- Actividades Singulares de I+D+i (AS)**

Cada proxecto, convocatoria ou actividade singular de investigación debe estar aprobada polo órgano competente. No caso de contratos de investigación deberán estar aprobados pola Comisión de Actividades e Servizos de I+D e darase conta ao Consello de Goberno, de conformidade co regulamento para a realización de actividades de investigación ao abeiro do establecido no artigo 83 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades. Entenderanse como tales as seguintes actividades:

-Actividades ou proxectos con prazo de execución determinado e financiamento específico desenvolvidos no marco de Programas con fins de investigación vía convocatoria pública competitiva.

-Actividades de I+D+i desenvolvidas baixo contrato cunha empresa ou consorcio de empresas asociadas a un proxecto financiado por programas públicos de I+D+i dirixidos a entidades privadas.

-Contratos e convenios asinados con empresas, fundacións, organismos públicos, etc que teñan por obxecto a realización dun proxecto de I+D, o desenvolvemento programado dunha liña de investigación colaborativa (Unidades Mixtas, Plataformas

Tecnolóxicas), a realización de Programas de Valorización de Resultados ou a prestación dun servizo de Asistencia Técnica ou asesoramento asociados as capacidades propias de I+D+i.

Cada proxecto ou contrato de investigación singularmente considerado deberá autofinanciarse de xeito completo.

#### **Artigo 5. Créditos de centros, departamentos, institutos e centros singulares**

1. Os créditos asignados terán por finalidade financiar os gastos necesarios para o seu funcionamento ordinario.
2. Non se poderá contratar persoal ou nomear bolseiros con cargo a eses créditos.

#### **Artigo 6 Créditos e/ou gastos plurianuais. Xestión e contabilización.**

1- En aplicación do establecido no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLXFOG) poderán adquirirse compromisos de gastos de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, nos tipos de gastos e coas limitacións indicadas neste artigo.

2- Os gastos plurianuais que se inicien ou que teñan vixencia no exercicio 2018 e en futuros exercicios esixen a contabilización da anualidade en cadanseu exercicio e a necesidade da actualización cando se produza algunha modificación respecto dos datos iniciais. Estes gastos só poderán contabilizarse en:

- Partidas soporte de actividades con financiamento afectado e con dotacións orzamentarias aprobadas para exercicios futuros
- Partidas orzamentarias con crédito inicial aprobado no exercicio económico 2018

3.- **Expediente anticipado de gasto.** De acordo co establecido no TRLXFOG e no artigo 110.2 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, ou, a partir da súa entrada en vigor, no artigo 117.2 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do Sector Público poderá tramitarse un expediente anticipado de gasto (cuxa execución se iniciará no exercicio seguinte) sempre respectando os límites indicados no art. 58.3 do TRLXFOG con cargo ás seguintes partidas:

- Partidas soporte de actividades con financiamento afectado e con dotacións orzamentarias aprobadas para exercicios futuros
- Partidas orzamentarias con crédito inicial aprobado no exercicio económico 2018

4.- En consonancia co anterior, no exercicio corrente faranse as autorizacións de crédito e os sucesivos axustes dos gastos derivados da contratación administrativa ou de persoal con

cargo a créditos financiados con achegas específicas, conforme sexa comunicado pola unidade administrativa correspondente.

5.- No 2018 actualizaranse as autorizacións de crédito polo importe dos contratos en vigor de servizos, subministracións ou obras. O importe a consignar será o acordado para o exercicio, no caso de ser un contrato de contía fixa, e o importe estimado de consumo, no caso de contratos de contía variable. Para a revisión de prezos dos contratos deberá enviarse ao Servizo de Xestión Económica a autorización de crédito efectuada segundo o dito anteriormente.

6.- A dotación de anualidades ou novas partidas orzamentarias para actividades de I+D+i realizaranse pola Servizo de Xestión de Actividades de I+D, para o que se efectuarán distribucións de crédito desde as partidas xenéricas 8050.7000.64100 (proxectos de investigación) e 8050.7000.64200 (contratos e convenios de investigación). O importe dotado corresponderase coa anualidade indicada na resolución da correspondente subvención e, no caso de prestación de servizos, co importe da facturación prevista para 2018.

Para estes efectos a Vicerreitora de Investigación e Innovación ten delegada a sinatura das distribucións de crédito. A comunicación das dotacións orzamentarias que efectúa o Servizo de Xestión de Actividades de I+D aos directores dos centros de gasto e responsables de asuntos económicos é plenamente operativa, sen que sexa precisa a comunicación polo Servizo de Contabilidade e Orzamentos.

7.- As dotacións específicas para os cursos de posgrao xestionados polo Centro de Estudos Propios (CEP) faranse de xeito similar ao establecido no parágrafo anterior, para o que se distribuirá o crédito ás partidas correspondentes de cada curso desde a partida 5505.1100.22800.

8.- Non obstante, no caso de que as dotacións que se realicen para actividades de I+D+i ou cursos de posgrao superen os importes das referidas partidas efectuaranse as correspondentes xeracións de crédito.

### **Artigo 7. Imputación de gastos**

1. Con cargo aos créditos asignados no orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestacións de servizos e demais gastos en xeral que se realicen no ano natural do correspondente exercicio económico.

2. O reitor poderá determinar, por iniciativa do director do centro de gasto correspondente, a imputación a créditos do exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores como consecuencia de compromisos adquiridos de conformidade co ordenamento, para os que existise crédito dispoñible no exercicio de procedencia.

3. A facturación por cargos internos, os documentos de gasto pagados con cargo á conta de anticipos a xustificar correspondentes a exercicios anteriores así como as indemnizacións

por razón do servizo pendentes ao cerre do exercicio, imputaranse ao exercicio corrente sen o trámite establecido no parágrafo anterior ao non existir obriga con terceiros e estar só pendente de contabilización ou tratarse de gastos de persoal.

### **Artigo 8. Remanentes de crédito.**

O necesario axuste da contabilidade da USC e, en consecuencia, a adaptación da execución orzamentaria ás normas de contabilidade nacional, e o necesario axuste do déficit segundo os compromisos adquiridos no Plan Económico Financeiro de Reequilibrio aprobado, esixe manter o tratamento dos remanentes segundo o establecido para os anteriores exercicios que se concreta nas seguintes normas:

1.- De acordo co establecido no artigo 59 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, os créditos destinados a atender gastos que no último día do exercicio orzamentario non estean comprometidos para o cumprimento de obrigas recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito.

2.- Non obstante, poderán incorporarse ao exercicio corrente os créditos non obrigados ao fin do exercicio anterior e que se correspondan coas seguintes situacións:

**a) Titulacións de posgrao propias:** poderán ser incorporados os créditos sempre e cando a vixencia do curso abranga a máis dun exercicio. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.

**b) Titulacións de posgrao oficiais con financiamento externo doutras entidades públicas ou privadas:** igual que no caso anterior poderase incorporar o crédito ao exercicio económico seguinte ou seguintes en función da duración prevista da edición financiada da titulación. O crédito será anulado en todo caso no fin do exercicio económico do ano no que remata o curso.

**c) As actividades de investigación financiadas ao través de convocatorias competitivas:** os remanentes existentes durante a vixencia establecida na concesión serán incorporados. No ano de finalización da actividade no que se presente o informe final, o crédito existente ao fin dese exercicio económico deixará de ter a consideración de remanente incorporable. De ser necesario atender a posibles reintegros e reclamacións, o crédito quedará a disposición da xerencia.

**d) As actividades que se financian mediante a facturación ou auto liquidación como prestacións clínicas, prestacións de servizos...** poderán incorporar remanente en función do resultado do exercicio económico 2017

**Non procede a incorporación de remanentes nas seguintes actividades:**

a) As que se financian mediante facturación por cesión de espazos e similares

b) Cursos de verán, congresos e reunións científica finalizadas en 2017



3.- A incorporación dos remanentes de crédito deberá autorizala o reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social dos expedientes aprobados.

4.- O financiamento de créditos no estado de gastos con cargo ao remanente xenérico de tesourería será aprobado polo reitor, que dará conta ao Consello de Goberno e ao Consello Social.

5.- Os remanentes incorporados segundo o previsto neste artigo unicamente poderán ser aplicados dentro do exercicio no que se acorde esta incorporación.

### **Artigo 9. O Fondo de Imprevistos**

No exercicio 2018 habilítase no capítulo V o fondo de imprevistos. Este fondo deberá servir para:

- Cubrir posibles diminucións de financiamento para gastos producidos por diferenzas na aceptación de xustificacións de subvencións
- Asumir custes financeiros derivados de reintegros de cantidades percibidas ou a devolver
- Asumir fallidos nos procesos de cobro de servizos
- Asumir custes derivados da execución de sentenzas xudiciais
- Atender circunstancias temporais de insuficiencia de recursos en programas de I+D+i.

A xestión do Fondo de Imprevistos corresponde á Xerencia.

A este fondo aplicarase a porcentaxe adicional do 1% de custes indirectos das actividades que o permitan, así como un importe inicial de recursos orzamentarios non afectados de 50 mil Euros. Poderá tamén dotarse con outras achegas.

Da aplicación da dotación incluída neste fondo darase conta ao Consello de Goberno.

O remanente de crédito ao final de cada exercicio do Fondo de Imprevistos de Execución Orzamentaria non poderá ser obxecto de incorporación ao seguinte exercicio.

### **Artigo 10. Contratación administrativa**

#### **1.- Da adxudicación e formalización dos contratos**

A) Consonte co previsto no artigo 182 dos vixentes Estatutos, o reitor posúe a condición de órgano de contratación da USC e asinará no seu nome os contratos.

Esta condición poderá ser obxecto de delegación noutros órganos unipersoais de goberno, mediante resolución reitoral.

B) De acordo coa lexislación vixente en materia de contratación administrativa, os procedementos de adxudicación dos contratos por razón da súa contía son os que se especifican nos anexos ás presentes bases.

C) Poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. De se autorizar a tramitación urxente, os prazos legalmente previstos para a licitación e adxudicación dos contratos reduciranse á metade.

## **2.- Da contratación irregular**

Entenderase por contratación irregular aquela na que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- A extralimitación de competencias por parte dos directores dos centros de gasto distintos do órgano de contratación ou dos responsables de unidades técnicas ou administrativas, consistente na asunción de compromisos contractuais con terceiros, xa sexa verbal ou formalizada documentalmente.
- A modificación, por parte dos anteriores, do obxecto dun contrato en execución, concertando, pola vía de feito, prestacións adicionais non contempladas inicialmente, supoñan ou non un incremento ou unha diminución do custo do contrato ou unha alteración substancial das demais condicións contractuais, sen a debida autorización do órgano de contratación.
- A que prescinda total ou parcialmente do procedemento legalmente establecido de acordo co previsto nas presentes bases e na lexislación de aplicación.
- fraccionamento do obxecto dun contrato coa finalidade de diminuír a súa contía para eludir os requisitos de publicidade ou os relativos ao procedemento de adxudicación que legalmente corresponda empregar.

## **3.- Validación dos compromisos contractuais e dos custos derivados da contratación irregular**

A) O órgano de contratación, asistido pola Mesa de Contratación da USC, será o único competente para validar, de ser o caso, os procedementos irregulares que puideran derivar na anulabilidade do procedemento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades ás que haxa lugar.

B) No suposto de que se produza un incremento do gasto previsto nos expedientes de contratación xa adxudicados, non se poderá iniciar a execución de calquera modificación contractual ou a tramitación dun contrato complementario sen a previa autorización do órgano de contratación.

#### **4.- Órgano de asistencia técnica especializada. A Mesa de contratación da USC. Funcións**

A) Nos procedementos nos que legalmente se prevexa, o órgano de contratación da USC estará asistido pola Mesa de contratación, coa composición que se establece no artigo 183.1 dos vixentes Estatutos.

B) A Mesa de contratación é o órgano de asistencia técnica especializada que, con carácter permanente, é o competente para a valoración das ofertas, con atribución de funcións para elevar ao órgano de contratación a proposta de adxudicación de todos os contratos que licite a USC polos procedementos aos que se refire o apartado anterior.

C) A Mesa de contratación será o órgano competente para autorizar a aplicación do procedemento con negociación en todos aqueles contratos nos que se aprecie a existencia ou inexistencia das causas legalmente previstas para a aplicación do dito procedemento. Para esta autorización será precisa a previa solicitude en informe razoado da dirección do centro de gasto ou do responsable do contrato.

D) Para a válida constitución da Mesa será suficiente a asistencia de catro dos seus membros, sempre que estean presentes o Presidente/a e o secretario/a, ou quen faga as veces nos dous casos, e os representantes das unidades administrativas responsables do asesoramento xurídico e do control interno do órgano de contratación.

E) Ás reunións da Mesa de contratación poderán concorrer todas aquelas persoas que, a xuízo da presidencia, resulten necesarias para asesorar á Mesa en función da natureza dos asuntos a tratar. Todas elas actuarán con voz pero sen voto.

#### **5.- Do servizo responsable da xestión da contratación administrativa**

A) O Servizo de Xestión Económica da Xerencia (SXE) é a unidade administrativa responsable da xestión da contratación na USC, para o que procederá pór no seu coñecemento todos aqueles gastos para os que sexa preciso tramitar un expediente de contratación, coa antelación suficiente que permita respectar os prazos legalmente establecidos para a preparación, licitación e adxudicación dos contratos.

B) Respecto dos contratos menores, o SXE só intervirá naqueles nos que sexa preciso asinar un contrato, ben sexa por razóns de legalidade, de requirimentos técnicos ou de oportunidade.

C) En particular, corresponderalle ao SXE:

- A impulsión e tramitación de todos os expedientes de contratación e o asesoramento xeral en materia contractual.
- A supervisión previa dos informes que teñan que ser validados pola Mesa de contratación.

## **6.- Dos responsables dos contratos**

A) Na USC terán a condición de responsables dos contratos os directores dos centros de gasto e/ou os responsables das unidades técnicas ou administrativas, que propoñan a súa licitación.

B) Corresponderán aos responsables dos contratos as seguintes funcións en relación cos expedientes de contratación que promovan:

1. Xustificar a necesidade de celebración do contrato, mediante o oportuno informe, e tramitar a correspondente proposta de gasto que deberá estar asinada polo Responsable dos Asuntos Económicos do centro xestor correspondente.
2. Confeccionar o anexo I do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). No caso de que o contrato teña algún tipo de financiamento externo á USC, isto deberá indicarse neste anexo, así como as datas límite de xustificación e os requisitos de publicidade ou de calquera outro tipo que sexan requiridos polo ente financiador.
3. Elaborar o prego de prescricións técnicas.
4. Nos contratos que se liciten por procedemento con negociación, solicitar formalmente as oportunas ofertas aos licitadores e desenvolver o proceso de negociación de acordo cos criterios que figuren no anexo I do PCAP.
5. Supervisar a execución do contrato e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización da prestación pactada.
6. Asinar a/s factura/s correspondente/s unha vez recibidas de conformidade, todas ou parte das obras, subministracións ou servizos contratados.
7. Asinar a acta de recepción, unha vez comprobado que a obra, subministración ou servizo contratado está rematada definitiva e correctamente. Os responsables de asuntos económicos, logo de rexistrar a recepción da factura na aplicación eSICUS, serán os encargados de enviala/s ao SXE, xunto coa acta de recepción e o correspondente ADOP.
8. Pór en coñecemento do SXE calquera incidencia que se produza durante o período de garantía do contrato.

C) Sen os documentos previos aos que se refiren os puntos 1, 2 e 3 do apartado anterior, o SXE non procederá a iniciar o correspondente expediente de contratación.

D) Nos contratos de obras, o responsable do contrato será o Director Facultativo da obra.

F) Os responsables dos contratos de servizos que afecten con carácter xeral a varios centros, servizos e dependencias da USC, articularán un procedemento que permita o control e seguimento descentralizado do cumprimento das prestacións contratadas.

## **7.- Da supervisión dos proxectos de obras**

A) A función de supervisión dos proxectos de obras que vaia executar a USC será exercida pola Oficina de Supervisión de Proxectos (OSP) que será a encargada de vixiar o cumprimento das normas técnicas reguladoras da materia e do control dos aspectos económicos e de comprobación aritmética deles.

B) A OSP estará constituída inicialmente pola Dirección da Área de Infraestruturas e polo/a funcionario/a responsable da unidade administrativa encargada do control interno, sen prexuízo do apoio técnico que sexa requirido para o normal desenvolvemento das súas funcións.

## **8.- Control de terceiros**

A) Será esixible a xustificación documental do cumprimento dos requisitos de solvencia económico financeira e técnica ou profesional tanto aos empresarios individuais como ás empresas que superen o volume anual de facturación establecido para os contratos menores na lexislación vixente de contratos públicos, coas que se contraten habitualmente obras, servizos ou subministracións por importes individualizados inferiores a esa contía.

B) Así mesmo, ditos empresarios deberán achegar a documentación xustificativa da súa personalidade xurídica e da súa capacidade de obrar e, de ser o caso, dos poderes necesarios para contratar, así como unha declaración relativa ao cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en ningunha das prohibicións de contratar previstas na lexislación vixente de contratos públicos.

C) Cando se trate de empresarios que exerzan actividades de prestación de servizos, deberán achegar ademais a xustificación documental de ter subscrita e en vigor unha póliza de responsabilidade civil por riscos profesionais e, de ser o caso, aqueloutra documentación que xustifique estar en posesión das licencias ou autorizacións oficiais que sexan preceptivas para operar no sector de actividade de que se trate, e que veña esixida polas normas específicas que o regulen.

D) O incumprimento por parte destes empresarios do requirimento que se lles efectúe por parte dos servizos competentes da USC, da xustificación das obrigas establecidas nos parágrafos anteriores, poderá dar lugar á apertura dun expediente contradictorio que, de ser o caso, poderá concluír coa elevación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e/ou do Estado, dunha proposta de incursión en prohibición de contratar coa administración.

## **9.- Abstención e recusación**

As autoridades e o persoal ao servizo da USC que interveñan nos procedementos de contratación deberán absterse ou poderán ser recusados nos casos e na forma previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

## **10.- Responsabilidades das autoridades e do persoal ao servizo da USC en materia de contratación**

A) A responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo da USC derivada das súas actuacións irregulares en materia de contratación administrativa, tanto por danos causados a particulares como á propia USC, esixirase segundo o disposto no capítulo IV, Sección segunda, do Título Preliminar da LRXSP (artigos 36 e 37).

B) A infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na vixente lexislación de contratos do sector público e na aplicación das presentes bases, por parte do persoal ao servizo da USC, cando medie negligencia grave debidamente probada, constituirá falta moi grave cuxa responsabilidade disciplinaria esixirase conforme á lexislación de aplicación.

### **Artigo 11. Tarifas**

1. Toda proposta de establecemento de novas tarifas deberá ser remitida á Xerencia acompañada dunha memoria económico-financeira que xustifique o importe das mesmas así como o grao de cobertura dos custos correspondentes.

2. É competencia do Consello Social a aprobación das tarifas, mesmo as non incorporadas ao orzamento, que a USC vai aplicar pola prestación de servizos. Correspóndelle a Xerencia elevar a proposta para a súa aprobación. As tarifas que se publiquen nos respectivos servizos deberán incorporar a referencia da data de aprobación polo Consello Social. No seguinte enlace pódense consultar as tarifas oficiais.

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/info\\_economica/Tarifas\\_por\\_servizos\\_universitarios\\_2018.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/info_economica/Tarifas_por_servizos_universitarios_2018.pdf)

### **Artigo 12. Axudas para prezos públicos**

As axudas para prezos públicos por servizos académicos estableceranse para o persoal das universidades do SUG con cargo á dotación que se efectúe no fondo de acción social.

### **Artigo 13. Axudas de custo e locomoción**

A percepción de axudas de custo e locomoción debe atermos ao regulado no Real Decreto 462/2002 e normas concordantes. En particular debe terse en conta:

- a) So poderán percibir axudas de custo e locomoción as persoas que acrediten vinculación coa USC e xustifiquen o motivo do desprazamento.
- b) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, da comisión de servizo que dea lugar ao desprazamento.

c) Ademais da autorización anterior, a percepción de axudas pola utilización do vehículo particular para efectuar desprazamentos debe ser excepcional e indicarse sempre o itinerario seguido. Os desprazamentos a fóra de Galicia e que sexan superiores a 300 km será preciso xustificalos achegando recibos de peaxe de autoestradas ou xustificación de reposición de combustible no traxecto.

d) Será precisa a autorización previa, polo órgano competente, para a tramitación de gastos de alugueiro de vehículo. Deberá xuntarse á solicitude de autorización un informe xustificativo da necesidade, da imposibilidade de utilización do transporte público, do período de aluguer e das persoas que van utilizar o vehículo.

e) O importe máximo por aloxamento en cidades de máis de trescentos mil habitantes pode elevarse ata un 50% do importe establecido para cada grupo.

f) No caso de que o importe do aloxamento supere o máximo establecido, deberá acreditarse documentalmente a imposibilidade de contratar un aloxamento por importe inferior no lugar da comisión de servizo.

g) Debe indicarse as horas de saída e chegada para os efectos do cálculo establecido no artigo 12 do Real Decreto: percepción de 50% da axuda de custo por manutención.

h) A localidade de inicio e fin da comisión de servizo é, con carácter xeral, aquela na que o traballador teña o seu posto de traballo. Non obstante, considerarase que é o lugar de residencia nos casos en que este estea máis próximo ao lugar de saída (aeroporto) ou de destino.

i) No caso de aloxamentos nos Campus de Santiago e Lugo darase prioridade ao aloxamento de Casa de Europa, ao aloxamento do S.U.R. e dos hoteis das cidades de Santiago e Lugo cos que a USC ten convenio asinado.

(<http://www.usc.es/gl/servizos/convenios/hoteis.html> )

#### **Artigo 14. Normas en relación con gastos por atencións protocolarias, formación e outros**

**1.- Atencións protocolarias.** Os gastos de atención protocolarias deben ir acompañados dunha explicación na que se especifiquen os motivos que xustifican a realización dos gastos e os cargos, persoas ou grupos destinatarios.

**2.- Gastos de formación individual.** Os gastos que se abonen con cargo aos orzamentos da USC deben responder á satisfacción de necesidades públicas. En consecuencia non se poderán pagar con cargo a partidas do orzamento da USC gastos de formación individual en cursos de verán, cursos básicos de informática e similares, salvo xustificación e autorización expresa do reitor ou órgano en quen teña delegada a competencia.

Poderán tramitarse gastos de formación individual en cursos de idiomas sempre e cando sexan impartidos ou xestionados polo CLM

**3.- Cotas por pertenza a asociacións.** Non se poderán tramitar con cargo aos orzamentos da USC gastos relativos ás cotas de pertenza a asociacións a título particular.

**4.- Importes máximos a retribuír por conferencias.** Cando o importe a aboar pola impartición dunha conferencia supere os 400 euros será precisa a conformidade do reitor ou órgano no que teña delegada a competencia.

**5.- Participación do PAS en actividades de I+D+i e de formación.** A participación do persoal de administración e servizos en actividades de I+D+i está contemplada no Regulamento de colaboración do persoal de administración e servizos da USC en cursos e convenios de investigación, publicado por Resolución Reitoral de 20 de maio de 1989 e publicada no DOG do 12 de xullo de 1989

<http://www.usc.es/gl/normativa/investigacion/colapas1.html>

Pola súa parte, a colaboración en actividades de posgrao propio e formación continua está contemplada no Regulamento dos estudos de posgrao e formación continua.

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/documentos/Regulamento de estudos propios de Posgrao e cursos de formacixn continua.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/documentos/Regulamento_de_estudios_propios_de_Posgrao_e_cursos_de_formacixn_continua.pdf)

Non se autorizará o pagamento de retribucións pola realización doutras actividades ou daquelas que non sigan os procedementos de autorización establecidos nas normas anteriores.

O tope de remuneración por hora de colaboración do persoal de administración e servizos en títulos propios será o establecido na Instrución VIII/2015

[http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/instruccion/Descargas2015/Instrucion VIII 2015.pdf](http://www.usc.es/export/sites/default/gl/gobierno/xerencia/instruccion/Descargas2015/Instrucion_VIII_2015.pdf)

### **Artigo 15. Gastos contratados no comercio electrónico**

**1. Comercio electrónico e facturación.** Só poderán realizarse compras de material funxible ou inventariable a través de internet cando o **provedor emita unha factura cuxo destinatario sexa a USC e inclúa os seus datos fiscais:**

- NIF ou VAT: ES-Q1518001A

- Enderezo fiscal: Rúa Nova, 6. 15782 Santiago de Compostela

O pagamento pode facerse con tarxeta persoal sempre que se cumpran os demais requisitos e o gasto estea autorizado por quen proceda.

**2. Gastos en transporte público tramitados a través de internet.** Non será necesaria a factura dirixida á USC, indicada no apartado anterior, no caso de contratación de billetes de



avión, tren ou outro medio de transporte público que servirán de xustificante dunha axuda de custo e locomoción; a documentación xustificativa deste gasto será a confirmación de reserva na que se indique a contía, a tarxeta de embarque, e a xustificación de ter realizado o pagamento

### **Artigo 16. Custes indirectos**

Mantense no exercicio 2018 o establecido nas bases de execución do orzamento 2017 e que se recolle no anexo

A porcentaxe mínima a aplicar sobre a base impoñible das actividades será do 15% para as actividades non incluídas no anexo

O único límite á aplicación dos custes indirectos será o establecido polas entidades financiadoras sobre a elexibilidade ou non dos mesmos.

### **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

1.- Autorízase ao Reitor a subscribir, de ser necesario, unha póliza de crédito por importe máximo de 4.000.000,00 euros. Esta contía correspóndese cos importes pendentes de ingreso das sentenzas firmes de IVE a prol da USC dos exercicios 2005-06-07-08. A cancelación da póliza será o 31-12-2018 ou anticipada de producirse o cobro do IVE.

2.- Se como consecuencia da aprobación de reestruturacións orgánicas ou de medidas de racionalización na xestión do gasto se producen cambios na codificación das partidas do orzamento, os compromisos adquiridos serán imputados de oficio nas partidas resultantes.

3.- Habilítase ao Sr. Reitor para que de xeito extraordinario poda autorizar as modificacións orzamentarias necesarias para as operacións que se deban producir con motivo do peche do exercicio orzamentario e namentres non haxa as reunións dos órganos competentes segundo o establecido no artigo 174 dos Estatutos da Universidade.

O Reitor tramitará para a súa convalidación ao Consello de Goberno e Consello Social que corresponda as modificacións autorizadas.

4.- Autorízase ao Xerente da Universidade a que dite as instrucións necesarias para adaptar e desenvolver as normas de execución do orzamento.

5.- Co obxectivo da axeitada aplicación da contabilidade analítica aos servizos, faise necesario a emisión dunha memoria dos mesmos comprensiva do número de produtos, unidades ou servizos prestados, para o que dende a xerencia se requirirán as memorias de produción logo da definición individualizada cos servizos afectados.

Os servizos previstos son:

- Publicacións
- Imprenta
- Servimav
- Servizo de Deportes
- Servizo Universitario de Residencias
- Centro de Linguas Modernas
- Escola Infantil

## Tipos de contratos da USC

PROCEDEMENTO	TIPO DE CONTRATO (CONTÍAS VIXENTES DENDE O 1 DE XANEIRO DE 2017 ata o 7 de marzo de 2018)		
	Obras	Subministracións	Servizos
<b>Contratos menores</b>	Orzamento de licitación* inferior a 50.000 euros	Orzamento de licitación inferior a 18.000 euros	Orzamento de licitación inferior a 18.000 euros
	Duración máxima dos contratos: 1 ano, sen posibilidade de prórroga. Para a tramitación do expediente polo centro de gasto correspondente só será necesaria a aprobación do gasto (folla de pedimento) e tramitar a factura correspondente debidamente comprobada e conformada. <b>A partires de 1.000 euros é preciso solicitar tres orzamentos.</b>		
<b>Procedemento negociado sen publicidade **</b>	Orzamento de licitación igual ou superior a 50.000 euros e igual ou inferior a 200.000 euros	Orzamento de licitación igual ou superior a 18.000 euros e igual ou inferior a 60.000 euros	Orzamento de licitación igual ou superior a 18.000 euros e igual ou inferior a 60.000 euros
	Require tramitación de expediente de contratación polo SXE e que o director do centro de gasto ou o responsable da unidade técnica ou administrativa proponente do contrato solicite ofertas, cando menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible. Previamente o órgano de contratación deberá aprobar o anexo I do PCAP e o PPT. Deberá enviarse ao SXE copia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento, así coma o informe de cualificación técnica realizado de acordo cos criterios previstos no anexo I do PCAP. <b>É obrigado negociar esas ofertas cos licitadores, polo que se impón como mínimo unha segunda rolda de solicitude de ofertas de mellora en relación coa primeira recepción.</b>		
<b>Procedemento negociado con publicidade **</b>	Orzamento de licitación superior a 200.000 euros e inferior a 1.000.000 euros	Orzamento de licitación superior a 60.000 euros e inferior a 100.000 euros	Orzamento de licitación superior a 60.000 euros e inferior a 100.000 euros
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE		
<b>Procedemento aberto ou restrinxido sen publicidade no DOUE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a 5.525.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 26 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a 209.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas : 15 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación inferior a 209.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 15 días naturais</li> </ul>
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE.		
<b>Procedemento aberto ou restrinxido con publicidade no DOUE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior a 5.525.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais. Si existe anuncio previo: 36 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior a 209.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orzamento de licitación igual ou superior á 209.000 euros</li> <li>- Prazo de presentación de ofertas: 40 días naturais.</li> </ul>
	Require a tramitación de expediente de contratación polo SXE.		

\* O orzamento de licitación é o importe estimado ou coñecido do contrato, segundo o caso. Estas cantidades non inclúen o IVE

\*\* Nestes supostos tamén se poderán utilizar os procedementos aberto e restrinxido

## Porcentaxes dos custes indirectos

	<b>% CUSTES INDIRECTOS 2018</b>
Tipo de actividades	
<b>Actividades de Promoción da Ciencia</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Actividades de Transferencia do Coñecemento</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Contratos con empresas</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Proxectos Entidades sen ánimo de lucro</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Convenios Entidades Públicas</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Proxectos Plan Galego IDT</b>	Actualmente 25%, se ben o 5% debe destinarse a publicacións periódicas (pagamentos a BUGALICIA)
<b>Programas Internacionais de Investigación</b>	En xeral os proxectos internacionais veñen condicionados. Os proxectos do programa Marco fináncianse a custos totais, polo que o que aparece como custos indirectos correspóndese de forma estimada co custo de persoal propio Non pode establecerse unha porcentaxe a priori. Os importes da táboa non son definitivos, porque estes proxectos esixen unha regularización final
<b>Programas Internacionais de mobilidade e cooperación</b>	15% condicionado polo financiador
<b>Plan Nacional</b>	21% nos proxectos do Programa Estatal. Nesta categoría hai outras axudas menores como os proxectos de cooperación da AECID, que financian o 12% sobre os custos totais
<b>Actividades competitivas non estándar</b>	Porcentaxe condicionada polo financiador. Normalmente axudas de fundacións públicas, que poden financiar un 10% sobre custos directos
<b>Servizos xerais</b>	15% ou 20% + 1% F.I.
<b>Cursos verán CLM</b>	15%
<b>Cursos de Posgrao</b>	15%
<b>Cursos en Xeral</b>	15%
<b>Resto de cursos</b>	15%
<b>Cesión uso bens patrimoniais (facturación por alugueres dos centros )</b>	20%
<b>Reunións científicas</b>	15%
<b>Inscripción Seminarios, Congresos, Xornadas, etc.</b>	15%
<b>Servizos prestados por docencia a empresas ou institucións</b>	15%
<b>Servizos prestados atencións clínicas</b>	15%
<b>Outros ingresos pola prestación de servizos</b>	15%
<b>Servizos prestados por deportes con tarifas especiais</b>	15%

### **3. Anexos cuantitativos**

**I.- RESUMO DO ORZAMENTO**

**II.- ORZAMENTO DE INGRESOS**

**III.- ORZAMENTO DE GASTOS**

**IV.- CADROS DE PERSOAL**

**V.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS**

## ANEXO I. RESUMO DO ORZAMENTO DA USC PARA 2018

### INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRIPTOR	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
III	Taxas e prezos públicos	24.844.777,51 €	10.123.092,50 €	34.967.870,01 €
IV	Transferencias correntes	118.076.425,50 €	16.586.976,07 €	134.663.401,57 €
V	Ingresos patrimoniais	383.357,00 €	0,00 €	383.357,00 €
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>143.304.560,01 €</b>	<b>26.710.068,57 €</b>	<b>170.014.628,58 €</b>
VI	Alleamento de investimentos	- €	- €	- €
VII	Transferencias de capital	20.201.734,22 €	36.448.225,00 €	56.649.959,22 €
<b>Total ingresos de capital</b>		<b>20.201.734,22 €</b>	<b>36.448.225,00 €</b>	<b>56.649.959,22 €</b>
VIII	Variación activos financeiros	- €	- €	- €
IX	Variación pasivos financeiros	590.000,00 €	5.310.000,00 €	5.900.000,00 €
<b>Total ingresos financeiros</b>		<b>590.000,00 €</b>	<b>5.310.000,00 €</b>	<b>5.900.000,00 €</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>		<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>

Financiamento por resultados imputado ao Capítulo VII	14.299.030,40 €
Importe efectivo de ingresos de consideración corrente	157.603.590,41 €
Importe efectivo de ingresos de capital sensu strictu	5.902.703,82 €

## GASTOS

Capítulo	Descriptor	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAL
I	Gastos de persoal	129.666.888,83 €	15.146.976,07 €	144.813.864,89 €
II	Gastos en bens correntes e servizos	23.747.719,50 €	2.011.892,50 €	25.759.612,00 €
III	Gastos financeiros	400.000,00 €	- €	400.000,00 €
IV	Transferencias correntes	1.581.580,00 €	152.000,00 €	1.733.580,00 €
V	Fondo de continxencia	50.000,00 €	- €	50.000,00 €
<b>Total gastos correntes</b>		<b>155.446.188,33 €</b>	<b>17.310.868,57 €</b>	<b>172.757.056,89 €</b>
VI	Investimentos reais	4.054.000,00 €	51.157.425,00 €	55.211.425,00 €
VII	Transferencias de capital	- €	- €	- €
<b>Total gastos de capital</b>		<b>4.054.000,00 €</b>	<b>51.157.425,00 €</b>	<b>55.211.425,00 €</b>
VIII	Variación activos financeiros	- €	- €	- €
IX	Variación pasivos financeiros	4.596.105,90 €	- €	4.596.105,90 €
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>4.596.105,90 €</b>	<b>- €</b>	<b>4.596.105,90 €</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>164.096.294,23 €</b>	<b>68.468.293,57 €</b>	<b>232.564.587,80 €</b>

**ANEXO II. ORZAMENTO DE INGRESOS**

ORGÁNICA	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
01.8075	310	PREZOS PÚBLICOS DE MATRÍCULA	18.800.000,00	0,00	18.800.000,00
01.6020	31100	PREZOS CENTRO LINGUAS MODERNAS	350.000,00	0,00	350.000,00
01.5505	31106	MATRICULA CUARTO CICLO	30.000,00	0,00	30.000,00
01.5505	312	MATRÍCULA CURSOS DE POSGRAO	258.157,00	1.462.893,00	1.721.050,00
01.8075	318	PREZOS OUTROS ESTUDOS	32.700,00	0,00	32.700,00
01.8075	320	DEREITOS DE INSCRICIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	8.400,00	0,00	8.400,00
01.8075	321	INSCRICIÓN, CONGRESOS, SEMINARIOS,ETC.	52.100,00	295.200,00	347.300,00
01.7600	322	DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2.250.000,00	0,00	2.250.000,00
01.8050	323	SERVIZOS PRESTADOS POR INVESTIGACIÓN	1.500.000,00	7.600.000,00	9.100.000,00
01.8075	324	OUTROS SERVIZOS DOCENCIA	98.000,00	0,00	98.000,00
01.8075	328	SERVIZOS PRESTADOS ATENCIÓN CLÍNICAS	135.000,00	765.000,00	900.000,00
01.7535	32900	ESCOLA INFANTIL BREOGÁN	115.000,00	0,00	115.000,00
01.7540	32901	COTAS USO INSTALACIÓN DEPORTIVAS	525.000,00	0,00	525.000,00
01.8075	32907	ENTRADAS MUSEO HISTORIA NATURAL	36.000,00	0,00	36.000,00
01.7025	33000	VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	18.500,00	0,00	18.500,00
01.8075	33300	VENDAS ENERXÍA ELÉCTRICA	150.000,00	0,00	150.000,00
01.8075	38101	ANUNCIOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	11.500,00	0,00	11.500,00
01.8075	38103	COMPENSACIÓN CONSUMOS SUBMINISTROS CONCESIONARIOS	324.420,00	0,00	324.420,00
01.8075	39999	OUTROS INGRESOS DIVERSOS	150.000,00	0,00	150.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>			<b>24.844.777,00</b>	<b>10.123.093,00</b>	<b>34.967.870,00</b>

01.8075	45101	CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVRSITARIA.FINANCIAMENTO ESTRUTURAL.CUSTE ESTANDAR	101.616.264,00	0,00	101.616.264,00
01.8075	45102	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.MANTEMENTO CONSELLO SOCIAL	200.000,00	0,00	200.000,00
01.8075	45103	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	14.299.030,00	0,00	14.299.030,00
01.8075	45104	CONSELLERÍA DE CULTURA,EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.SEXENIOS, COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS AUTONÓMICOS E MATRÍCULAS	1.601.132,00	11.098.089,00	12.699.221,00
01.8075	45112	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.ESTABILIZACIÓN PERSOAL		120.000,00	120.000,00



ORGÁNICA	ECONÓMICA	DENOMINACIÓN	INGRESOS NON AFECTADOS	INGRESOS AFECTADOS	INGRESOS TOTAIS
01.8075	45140	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.PRAZAS VINCULADAS (previsión de gastos liquidados)		3.928.886,00	3.928.886,00
01.8075	47001	BANCO SANTANDER	360.000,00	1.440.000,00	1.800.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>			<b>118.076.426,00</b>	<b>16.586.975,00</b>	<b>134.663.401,00</b>
01.8075	520	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	3.357,00	0,00	3.357,00
01.8075	540	ALUGUERES E PRODUCTOS DE INMOBLES	220.000,00	0,00	220.000,00
01.8075	550	CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS	160.000,00	0,00	160.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			<b>383.357,00</b>	<b>0,00</b>	<b>383.357,00</b>
01.8050	70100	MINISTERIOS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	600.000,00	6.307.000,00	6.907.000,00
01.8050	710	ORGANISMOS AUTONOMOS ADMINISTRATIVOS.RECURSOS INVESTIGACIÓN	600.000,00	6.307.000,00	6.907.000,00
01.8050	72000	FONDO DE INVESTIGACIÓNS SANITARIAS.RECURSOS INVESTIGACIÓN	33.075,00	191.925,00	225.000,00
01.8050	75000	XUNTA DE GALICIA. RECURSOS INVESTIGACIÓN	1.600.000,00	16.600.000,00	18.200.000,00
01.8075	75001	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA.FINANCIAMENTO POR RESULTADOS	14.299.030,00	0,00	14.299.030,00
01.8075	75002	CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA : RAM	2.331.929,00	0,00	2.331.929,00
01.8075	75011	SERVIZO GALEGO DE SAÚDE : PROXECTO Complexo docente ciencias da saúde		1.000.000,00	1.000.000,00
01.8050	760	CORPORACIÓNS LOCAIS. RECURSOS INVESTIGACIÓN	2.700,00	27.300,00	30.000,00
01.8050	780	FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO. RECURSOS INVESTIGACIÓN	75.000,00	675.000,00	750.000,00
01.8050	79500	UNIÓN EUROPEA.RECURSOS INVESTIGACIÓN	660.000,00	5.340.000,00	6.000.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>			<b>20.201.734,00</b>	<b>36.448.225,00</b>	<b>56.649.959,00</b>
01.8050	91103	ANTICIPOS REEMBOLSABLES MINECO	590.000,00	5.310.000,00	5.900.000,00
<b>TOTAL CAPÍTULO IX. PASIVOS FINANCEIROS</b>			<b>590.000,00</b>	<b>5.310.000,00</b>	<b>5.900.000,00</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2018</b>			<b>164.096.294,00</b>	<b>68.468.293,00</b>	<b>232.564.587,00</b>
<b>ORZAMENTO 2017</b>			<b>162.631.993,17</b>	<b>62.478.659,83</b>	<b>225.110.653,00</b>
<b>VARIACIÓN 18/17</b>			<b>0,90%</b>	<b>9,59%</b>	<b>3,31%</b>

**ANEXO III. ORZAMENTO DE GASTOS 2018. CLASIFICACIÓN ECONÓMICA, CLASIFICACIÓN ORGÁNICA, CLASIFICACIÓN FUNCIONAL**

PARTIDA ORZAMENTARIA			IMPORTE NON AFECTADO 2018 (€)	CRÉDITOS AFECTADOS 2018 (€)	TOTAL ORZAMENTO 2018 (€)
ORGÁNICA	FUNCIONAL	ECONÓMICA			

**CAPÍTULO I: GASTOS DE PERSOAL**

ARTIGO 11. PERSOAL EVENTUAL

Persoal eventual. Soldo	8075	3000	11010	139.375,00	0,00	139.375,00
<b>TOTAL Persoal Eventual</b>				<b>139.375,00</b>	<b>0,00</b>	<b>139.375,00</b>

ARTIGO 12. PERSOAL FUNCIONARIO

Persoal de Administración e Servizos

PAS funcionario. Soldo	8075	3000	12010	6.467.890,00	0,00	6.467.890,00
PAS funcionario. Trienios	8075	3000	12011	1.718.120,00	0,00	1.718.120,00
PAS funcionario. Complemento destino	8075	3000	12110	3.882.170,00	0,00	3.882.170,00
PAS funcionario. Complemento específico	8075	3000	12111	6.068.625,00	0,00	6.068.625,00
PAS funcionario. Cargos académicos	8075	3000	12112	22.308,00	0,00	22.308,00
PAS funcionario. IPC galego	8075	3000	12114	68.704,00	0,00	68.704,00
PAS funcionario. CPT	8075	3000	12115	75.282,00	0,00	75.282,00
PAS funcionario. Axustes RPT	8075	3000	12204	75.000,00	0,00	75.000,00
<b>Total Persoal Administración e Servizos Funcionario</b>				<b>18.378.099,00</b>	<b>0,00</b>	<b>18.378.099,00</b>

Persoal Docente e Investigador

PDI funcionario. Soldo	8075	3000	12020	17.960.655,00	0,00	17.960.655,00
PDI funcionario. Trienios	8075	3000	12021	6.661.301,00	0,00	6.661.301,00

	PARTIDA ORZAMENTARIA			IMPORTE NON AFECTADO 2018 (€)	CRÉDITOS AFECTADOS 2018 (€)	TOTAL ORZAMENTO 2018 (€)
	ORGÁNICA	FUNCIONAL	ECONÓMICA			
PDI funcionario. Trienios SERGAS	8075	8000	12023	0,00	34.765,00	34.765,00
